





VIA JACOBITANA
Camino de Invierno



2019



nº 3

DIRECCIÓN

Aida Menéndez Lorenzo

CONSEJO DE REDACCIÓN

Junta de la Asociación. Presidenta: Aida Menéndez Lorenzo

COLABORACIONES

Alfonso Eiré, Afonso Campos, Ángel Arnaiz González, R. Vila, D. Ballesteros, María Asunción Arias Arias, Daniel González Alén, Francisco J. Ruiz Aldereguía, P. Javier Agudo Sch. P., Xosé Antonio Quiroga, Olga Novo, Manuela Porto Arias, Paco Ledo, Ana E. Goy Diz y Aida Menéndez Lorenzo.

FOTOGRAFIA

Memoria Fotográfica: Aida Menéndez y Javier Aira. Foto portada de Iago Viana González (2º premio do concurso fotográfico 2018 da Asociación Camiños a Santiago pola Ribeira Sacra).

EDITA



Asociación Camiños a Santiago pola Ribeira Sacra

CONTACTO

caminodeinvierno.com

C/ Germán Vázquez, 15 Monforte de Lemos, CP. 27400

DISEÑO Y MAQUETACIÓN

Jose A. Souto Santé

IMPRESA

Imprenta Fénix

ISSN

2605-0692

ISBN

978-84-09-10944-9

D.L.

LU 55-2019

El contenido de esta publicación está protegido por la Ley. Queda prohibida su reproducción, transformación, copia o comunicación, total o parcial, sin previa autorización escrita de los autores.



8	Saúdos.	
12	Belesar, camiño de historia.	
		Afonso Eiré
20	Lugares de lenda na Ribeira de Doade de Amandi. Unha humanización do territorio.	
		Alfonso Campos
38	Una reliquia de Santiago Apóstol en el Camino Sur por la Ribeira Sacra.	
		Ángel Arnaiz González
44	O Camiño de Inverno a Compostela a través do xeparque mundial da UNESCO Montañas do Courel.	
		R. Vila e D. Ballesteros
49	Ilustraciones del Camino de Invierno.	
		Mariano de Souza
52	Que ven a Pianosa!	
		María Asunción Arias Arias
56	Catro Albergues no Camiño de Inverno por Deza.	
		Daniel González Alén
62	Un peregrinaje al interior.	
		Francisco J. Ruiz Aldereguía
70	El Renacimiento, la Reforma y el Cardenal Rodrigo de Castro.	
		P. Javier Agudo Sch.P.
82	A Fundación.	
		Xosé Antonio Quiroga
88	As tres vidas do Mesón de Castroncelos. Unha memoria poética á orela do Camiño de Inverno.	
		Olga Novo
104	O Camiño de Inverno nos medios de comunicación.	
		Manuela Porto
112	Camiño.	
		Paco Ledo
116	La singularidad de Ribeira Sacra como paisaje cultural.	
		Ana E. Goy Diz
128	Un largo camino de 20 años para lograr el reconocimiento del Camino de Invierno como ruta xacobeá.	
		Aida Menéndez Lorenzo



MEMORIA FOTOGRÁFICA

(dende Outubro 2018 ata outubro 2019)

Asociación Camiños a Santiago pola Ribeira Sacra

1. XX Aniversario da Asociación: Concerto de Amancio Prada.	16
2. XX Aniversario da Asociación: Exposición 20 anos da Asociación.	34
3. XX Aniversario da Asociación: Presentación guía de Aida Menéndez.	42
4. XV Xornadas culturais polo Camiño de Inverno.	50
5. Viaxe a Madrid e Ávila.	51
6. Viaxe a Holanda e Bélxica.	54
7. Postal e mataselos conmemorativo.	60
8. Polo Camiño Portugués.	68
9. Peregrinos medievais e cea solidaria.	69
10. Polo Camiño de Inverno.	80
11. III Andaina escolar.	86
12. Conferencias de Aida Menéndez.	102
13. II Anuario Vía Jacobitana. Camino de Invierno.	110
14. Ibarra corre polo Camiño de Inverno.	111
15. Encontros con Asociacións e selado de credenciais.	114
16. O Camiño de Inverno na prensa.	126
17. II Concurso fotográfico.	134

SAÚDO

Falar do Camiño de Inverno é falar dun dos itinerarios xacobeos máis especiais en territorio galego. Atravesa as catro provincias e permite coñecer históricas comarcas como Valdeorras ou parte da Ribeira Sacra, ambos territorios con fonda cultura vitivinícola, pasando por Monforte de Lemos, Chantada ou mesmo o alto do monte Faro, enclave estratéxico do interior galego.

Este ano cumpríronse xa tres desde a súa oficialización como ruta xacobeá, tras a aprobación, en 2016, da actual Lei do Patrimonio Cultural de Galicia que impulsamos desde a Xunta de Galicia. Ese foi un dos pasos que mellor visibilizou a aposta que levamos facendo nos últimos anos desde o Goberno galego para poñelo en valor.

Neste tempo fixemos un reforzo orzamentario e tamén de divulgación coa posta en marcha dunha guía en varios idiomas. Tamén falamos del e o promovemos alá onde nos promocionamos como destino xunto ao resto de itinerarios xacobeos oficiais.

Agora, imos dar un paso máis no seu mantemento e conservación cun importante reforzo e impulso en 2020, dando continuidade ao xa feito e seguindo o calendario do Plan Director do Camiño de Santiago e o Plan Estratéxico do Xacobeo 2021, a folla de ruta do Goberno galego que prioriza un itinerario por ano con vistas ao Ano Santo.

Na Xunta de Galicia temos moi claro que o Camiño de Inverno está chamado a ser un gran dinamizador das zonas rurais que atravesa onde pode ser clave tamén para acadar un importante impulso socioeconómico nos seus máis de 200 km. Só o ano pasado foi escollido por máis de 700 peregrinos, algo que demostra o seu gran potencial de crecemento que, de seguro, se verá reforzado nos vindeiros anos.

O Camiño de Inverno atopará no Xacobeo 2021 unha gran oportunidade de futuro para ser divulgado e coñecido por numerosos peregrinos de todas as partes do mundo. Será un momento decisivo tamén para que o Camiño de Inverno reforce o seu papel na estratexia de diversificación e reparto dos peregrinos nos diversos itinerarios oficiais de Galicia na que desde a Xunta de Galicia vimos traballando nos últimos anos. O compromiso colectivo para a súa posta en valor e divulgación será clave.

M^a Nava Castro Domínguez

Directora Turismo de Galicia

SAÚDO

Con esta xa son tres edicións desta publicación que, con moito esforzo e dedicación, a Asociación Camiños a Santiago pola Ribeira Sacra consegue sacar adiante.

Durante estes tres últimos anos o GDR estivo ao carón deste proxecto para cumprir o desexo da Asociación Camiños a Santiago pola Ribeira Sacra de continuar a laboura incansable de poñer en valor este Camiño de Inverno, agora xa Ruta Xacobeá.

Apenas resta un ano para o vindeiro Ano Santo. Está ruta Xacobeá entra no territorio do GDR Ribeira Sacra Courel polas terras do recén nomeado Xeoparque Mundial UNESCO Montañas do Courel, proxecto impulsado e coordinado polo GDR.

Estamos seguros que estes tres fitos (Ano Santo, Ruta Xacobeá, Xeoparque) actuarán como reclamos poderosos para a promoción, e dinamización social, económica e cultural do sur da provincia de Lugo.

José Manuel Arias López

Presidente GDR Ribeira Sacra Courel

SAÚDO

Un novo número do Anuario científico: “Vía Jacobitana. Camino de Invierno”, que edita a Asociación “Camiños a Santiago pola Ribeira Sacra”, sae á luz cumprindo esta cita anual que, dende hai tres anos, se marcou a Asociación que presido.

Moitos son os esforzos realizados para chegar a pechar unha publicación, van dende a presentación dun proxecto co fin de lograr o financiamento, a busca de posibles colaboradores, solicitándolles unhas liñas sobre diferentes aspectos do patrimonio que xiran arredor do Camiño de Inverno, pasando pola dura tarefa que implica a propia maquetación. Esta é, sen dúbida, unha das máis complicadas, por ter que cinguirnos a un número fixo de páxinas, segundo o proxecto de publicación que presentamos ao grupo do GDR Ribeira Sacra Caurel.

Como vedes, seguimos o mesmo formato que nas edicións anteriores, tanto no seu aspecto exterior como no contido. Este, comprende 14 artigos de expertos en diferentes materias sobre o Camiño, fundamentalmente pola Ribeira Sacra, intercalados cunha Memoria Fotográfica sobre as actividades máis salientables que a Asociación realizou dende o último Anuario, é dicir, dende setembro do pasado ano 2018 ata setembro deste ano. Respecto a este apartado, a selección e denominación dun índice que recolla aqueles actos máis destacados organizados por o noso colectivo para divulgar o Camiño de Inverno, non é tarefa menor, como tampouco o é a que temos que facer cos centos de fotografías que dan testemuñas das mesmas. Dende a nosa perspectiva, consideramos que debemos incluíla xa que, dalgún xeito, o traballo realizado queda plasmado nunha publicación, para a memoria da historia da Asociación.

Pero, se é posible que poidamos realizar esta publicación, é grazas aos nosos colaboradores que dun xeito altruísta a converterán nunha realidade. Co obxectivo de por en valor e de dar a coñecer diferentes aspectos patrimoniais que vertebran no Camiño de Inverno, contactamos, en primeiro lugar, con historiadores, arqueólogos, periodistas, poetas, escritores, investigadores... das nosas terras da Ribeira Sacra, un territorio que, como ben sabedes, está proposto a ser declarado Patrimonio Mundial, na categoría de Patrimonio Cultural Paisaxístico, para o vindeiro ano 2021. As temáticas que nos ofrecen son moi variadas: exaltación de Belesar, as lendas da Ribeira de Doade e Amandi, o Xeoparque montañas do Caurel, o Ecomuseo de Arxeriz, o Colexio do Cardeal Rodrigo de Castro, a historia dunha peregrinación realizada en 1636 por Joseph Losada de Quiroga, de Hospital de Quiroga, sobre o Mesón de Castroncelos, unha reliquia de Santiago no Museo das MM. Clarisas, ou como os medios de comunicación foron publicando noticias sobre o Camiño de Inverno ao longo de 20 anos. Son 14 artigos, nos que tamén se inclúen os que nos achegan os nosos amigos das Comarcas do Deza e Valdeorras.

Se ben todos e cada un dos artigos que aquí se nos ofrecen son interesantísimas colaboracións, queremos salientar a da catedrática de Historia do Arte da USC, Ana Goy Diz, quen leva anos traballando cun equipo de expertos no expediente que trata de elevar a Ribeira Sacra a Patrimonio Mundial. O seu artigo sobre a singularidade deste territorio para que poida acadar este distintivo é unha oportunidade que nos ofrece para poder coñecer, a través destas páxinas, eses argumentos históricos e documentais que o fundamentan.

E, xa por último, agradecer ao grupo do GDR Ribeira Sacra-Caurel o seu apoio para que poidamos realizar esta publicación.

Aida Menéndez Lorenzo

Presidenta Asociación Camiños a Santiago pola Ribeira Sacra



Belesar, camiño de historia

Afonso Eiré
Xornalista

Hei Papeiros...! Hei Rabudos...!

Xente do couto de Belesar, escoitade

Escoitade o remoer dos carros romanos cargados coas pipas de viño subindo cara Diomondi. O pisar pausado dos bois no empedrado da Vía Nova.

E o máis lizgaíro dos cascos dos cabalos dos soldados que escoltan o viño coma se fose ouro.

Escoitade...

Aos frades ledos de Santo Estevo cantar en latín louvando ao seu deus e ao viño das súas adegas monacais nunha salmodia de encantamento.

Porque pensan que se asentaron na Carballeira Sagrada ou Ribeira Sacra, que é o mesmo, frades e Frieiras: polo viño! Porque pensan que viñan a veranear bispos e cardeais a Diomondi: polo Viño!

Xentes do Couto de Belesar, escoitade...

Aos labregos que, século tras século, desde hai máis de 2000 anos, cavan e podan nas viñas na Fontaiña, Vexán, na Veiga... Os xuramentos e imprecacións cando escoitan abraizados e enfadados as ordes os obrigan a arrancar as oliveiras nos tempos dos Reis Católicos e, co mesmo estado de ánimo e estupor, cando séculos despois,

no XIX, teñen que arrincar tamén as laranxeiras e limoeiros, para favorecer a Valencia, que viña de sufrir unhas riadas.

Xentes do Couto de Belesar, escoitade...

A xeracións tras xeración nos traballos ledos da vendima. O ecoar dos aturuxos. Os berros de alento. As cantigas. As de escarnio. As de maldicir. As de namorar... As de beber.

Aos gaiteros que, todas as noites, facían festa mentres durasen os traballos.

Sabede que se a xente berraba era porque o ruxido do río non deixaba ouvir dunha a outra parte. Sabede que, os visitantes que pernotaban en Belesar non eran quen de coller o sono escoitando o cantar do Miño, engaiolados.

Escoitade... o parolar na ponte dos labregos mentres lle cobran o portazgo a aqueles que precisan pasar o río dun a outro lado. Tan importante era o paso que estaba defendido por dúas torres, unha levouna unha enxurrada, coa metade da ponte, a outra acabou con ela a gorxa profunda do encoro.

Escoitade... aos peregrinos e outras xente do Camiño de Santiago, o Camiño do Inverno,

contar historias sentados no peitoril da ponte romana. Historias que veñen de lonxe e van para lonxe. Con eles está a rosquilleira de Monforte que, todas as semanas, camiñaba coa cesta na cabeza até Santiago.

E a Gonzalo de Raxo, falando sen palabras, con Xan de Forcados no pazo de Arxeriz.

Escoitade, xentes do Couto de Belesar, escoitade... como roxe, soa, namora a auga do Miño nas pedras mentres avanza o mesmo río, que nunca é o mesmo, no Cabo do Mundo, cara un mar que si é idéntico século tras século.

Escoitade os cachóns do Cardon como brúan, as fervedas da Roca, como troulean, os remuíños do Pozo de Toalde que engolen. O río de Camporramiro e o Asma como se deitan no pai Miño a tropicallos de troulóns.

Escoitade, á rapaza que canta co alegre son dun alalá na fiestra, ollándose no espello do río e no seu futuro de muller. E aos mozos e mozas que se bañan nas Areas.

Escoitade... á Fada que, no penedo da Moura, namora aos cobizosos de riqueza co seu canto delouzante mentres peitea os seus cabelos de ouro.



Belesar, é máis que unha aldea, é un lugar máxico.

Non creades a promesa de tesouros máis que os que da a vosa terra co seu traballo.

Escoitade ás xacías bañándose no río xunto ao Penedo da Mascira. As súas gargalladas feiticeiras poden ser promesas de amor que, finalmente, serán malogradas pois elas son do seu mundo. Do mundo da auga, e do mundo da Terra os humanos. Vede senón a Xacia de Chouzán, bautizada para casar cun veciño, a chorar desconsolada polo afogamento de todos os seus fillos.

Escoitade ... aos canteiros, pica que te pica, que coa súa lingua de arxilas, piden máis viño mentres edifican muras e balados.

E ao afiador que chifra e logo berra: “xira un chisque, motila”.

Escoitade... de novo o río, nas pesqueiras de Pincelo. Como batuxan as lampreas. Como reman as anguías. Como saltan os salmóns cara a súa morte. Como pinchan as troitas. Fixádevos, a troita loba, a troita guía, a matriarca, sempre escapa e, se fai falla, salta a terra e marcha.

Escoitade... ao Ramón de Sampaio que sobe cara Riazón coas alforxas da besta cheas de troitas e anguías pescadas na enchente.

Xentes do Couto de Belesar, amigos e convidados... Escoitade...

O tintinar do diñeiro que cae no peto das ánimas. Non sei eu se salvarán a moitas con eses cartos, pero si sei que o crego, cando finalmente o abra, mostrarase contento e liará un xaroto coma o do Porto, co tabaco que el mesmo colleita por detrás do camposanto.



Belesar é consubstancial ao Miño. Hai moita vida debaixo da auga.

Que grande invento resultou iso do Purgatorio. Sen el, a igrexa non tería durado os 2000 anos. Pensade que, se non fose o Purgatorio, uns ao ceo, outros ao inferno, sen remisión, quen lle ía dar cartos, para enterros, misas, responsos... De que viviría anos e anos o clero e os frades!

Traio aquí o Purgatorio a colación, pois sen el, non se entenderían estar terras: a maioría pertenceron á Igrexa Católica por doazón.

Escoitade... como berran as cabras e os becerros que mata o Camilo do Matías.

Escoitade xentes do Couto de Belesar

Como ferve o viño na cuba. Escoitade ben escoitado para percibir como será o viño dese ano. Escoitade.

Escoitade... o viño que arrecende, chisca e grolea na primeira abillada.

Escoitade como muxica na boca e o pechar dos beizos en sinal de aprobación.

Escoitade as trafegas coma se fosen cachóns de deuses que esparraman as súas gra-

cias. Alalás de fartura. Nanas de ensoñacións. Aturuxos de quentura.

Escoitade ás xugadas que, cargadas coas pipas cara Chantada, se paran nos Queixeiros para realizar un descanso. Enmudeceu o chiar do carro. Os que regresan de mercar o viño abren as súas alforxas para tomar un taco. Destapan a bota para votar un grolo. Unha bota de viño, chea gratis polo adegueiro, para que tamén conviden á xente que se atopen polo camiño, que non hai mellor propaganda do viño que un bo trago.

Escoitade... o cantar dos arrieiros que levan o viño cara Lugo para o San Froilán que non é festa sen o viño de Belesar. Sabede que na facultade de enoloxía da Universidade de Burdeos andan a estudar como elaborar o que eles lle chaman “viño rápido”, sen saber que nós o levamos facendo séculos, con técnica milenaria.

Escoitade, ao merlo na cerdeira arremedando a outros paxaros. Ao reiseñor e ao canario na mazaira. Ao verdadeiro na peneira e a lavandeira picando nas leitugas... Todos cantan! E que hai amor!

Escoitade aos estorniños, vidos de fora, que non só comen as nosas cereixas, case antes de madurar, senón que, carreta que te carreta, acumulan, avarentos, deixándonos sen o froito do noso traballo.

Son a viva imaxe dos políticos foráneos!

Iscádeos da Nosa Terra!

Xentes do Couto de Belesar, amigos e amigas todos, escoitade. Escoitade isto e moito máis...

Como facelo? Maxia?

Non. Chega con padexar unha copa do noso viño.

Nunha copa de viño non só existen os matices que os entendidos catadores poñen como reclamo: cores, cheiros, sabores...

Iso é moi pouco!

Nunha copa de viño, se escoitades ben escoitado, está concentrado a terra na que nace, a paisaxe na que se cría, a historia que o fai posible, o clima que o acariña. O traballo do ribeirao... A alma dos antepasados.

O Viño di moito, dió todo, de quen o elabora, de quen o traballa. Coñecendo o viño pode coñecerse ao adegueiro. E coñecendo ao adegueiro tamén

se pode saborear mellor o viño, con máis matices que, doutro xeito, nunca seremos quen de catar.

O viño é un ser vivo, latexante. O viño ten espírito. Ese espírito, sempre diferente ano tras ano e, ao mesmo tempo, idéntico...

Levantemos a nosa copa. Bebamos. Alcemos as nosas voces nunha pregaría cósmica que conecte arelas e ansías, alma e corazón.

Grazas, viño, grazas por dicirnos tanto! Estamos aquí, orgullosos do que facemos, fachendosos do que fomos, esperanzados co que seremos...

Gustosos do que bebemos!

Hei... Belesar...

(Pregón lido na Feira do Viño de Belesar)



O río conta moitas cousas se o sabemos escoitar.

1. XX Aniversario da Asociación: Concerto Amancio Prada

27 de abril de 2019 - 20º Aniversario - Ao. Católica e Santiago pola Ribeira Sacra

"Cartigas no Camiño de Inverno"
CONCERTO **AMANCIO PRADA**

IGREXA COLEXIO
ESCOLARIOS
Monforte

5 €
21:00

"20 anos recuperando e divulgando o Camiño de Inverno"

18:00
Encuentro de mesa
debatedora.

18:30
Vela (Exposición) Centro de Vela

19:00
Presentación do libro de
textos do XACOBINO
Lendas do Camiño de Vela.

19:00
Misa - honra do 20º aniversario do
Instituto Católico Santiago pola
Ribeira Sacra, no Centro de Vela.

1929-2019
ANIVERSARIO

Xacobeo 2021





Igrexia dos PP. Escolapios-Monforte de Lemos.





Lugares de lenda na Ribeira de Doade de Amandi. Unha humanización do territorio

Alfonso Campos Pérez

Músico

Fotografías de Miguel Llano Rodríguez

Ardeu Notre Dame de París, un referente do patrimonio material da humanidade, e, según o presidente francés Macrón, un icono do imaxinario colectivo. Lamentábase a música ourensá Cristina Pato no xornal *A Voz de Galicia* dicindo que:

Hai desastres, coma o de Notre Dame, que fan que algo desapareza en minutos, e hai desastres coma o noso, que fan que as cousas desaparezan en décadas e séculos. Sen dúbida son ritmos e circunstancias completamente diferentes, pero non por iso menos catastróficas.¹

A periodista Fernanda Tabarés escribía no mesmo diario que:

A estas horas están ardiendo muchas Notre Dame y el mundo permanece indiferente.

Diso queremos falar: do que ardeu na memoria colectiva ata agochar coa indiferencia os lugares significativos dos nosos maiores, en concreto, do canón e cavorcos da ribeira de Doade de Amandi.

O mundo ribeirán coma un impresionante espazo físico que nos calma e desasosega ao mesmo tempo, que nos achega a unha natureza faladora que resoa no interior de cada un; o mundo ribeirán como un espazo vivencial onde os humanos transformaron o habitat deixándonos mámoas, petróglifos, castros, socalcos, igrexas, mosteiros, aldeas, e teceron camiños cara a lugares case imposibles desde os colados, os pousos, e as regas. A vontade dominando un territorio duro e faturento que marca aos seus moradores; a vontade domesticando o río cos encoros, cambiando significativamente a paisaxe, asolagando lugares e eidos sin traer oportunidades de futuro senón, máis ben, ocupación, destrucción e abandono. Os encoros coincidiron co comezo da progresiva deshumanización, un incendio devastador na memoria común, a ruptura dramática e non a evolución harmónica. A creación da D. O. Ribeira Sacra, a instalación dos catamaráns, a solicitude do recoñecemento da Unesco como Patrimonio da Humanidade, supoñen o intento de

¹ *La voz de Galicia*, 19-IV-2019

acadar novas oportunidades que, ata o de agora, non conseguiron cerrar o derrame poboacional e, polo tanto, a perda de memoria compartida.



Tipoloxía construtiva da parroquia de Doade.

As referencia físicas ou imaxinadas instalan o ser humano no mundo. O bruxo-chamán dalgunhas tribus nómades crava unha estaca na terra para ubicar un *axis mundi* co que sentirse seguros no seu deambular a procura de alimento²; porque a imaxinación e a mentira son tamén parte do noso xeito de ser, do intento nunca superado de explicación da existencia³. A isto parecen responder as lendas, os mitos e as crenzas en xeral. Alguén dixo que a valía do ser humano non reside na verdade que un cree posuír, senón no esforzo que realiza por alcanzala. O conxunto de crenzas, como o pao cravado dos nómades, ten relación directa co sentido de pertenza dun pobo. Si perdemos calquera sistema de imaxinario compartido,

como opinaba o sociólogo francés Emile Durkheim, deixamos de existir de xeito colectivo ou polo menos cambiamos a forma de entender a vida⁴. A sociedade actual non se concibe a si mesma coma unha cultura de aprendizaxe e acumulación senón coma de desvinculación, discontinuidade e olvido na que, segue a decir Zygmunt Bauman, só o lixo tende a ser sólido e perdurable⁵. As referencias tradicionais teñen pouca cabida nuns tempos nos que se premia o efémero e os obxectos de usar e tirar. Situados no esforzo por crer un pouco menos e coñecer un pouco máis para ser máis libres e ata como dixo o gran filósofo Spinoza, menos dependentes da esperanza⁶, sabemos da importancia de ser receptivos aos saberes da nosa cultura, que, ao fin, forman parte do noso ser no mundo e da riqueza da cultura universal. Posicionámonos, por riba de todo, cos nosos semellantes: as mulleres e homes que resisten-resistimos neste país ribeirán.

Empezamos a andaina nesa illa que a parroquia de Doade ten metida en territorio monfortino, conformada por A Lampaza e Vilar de Mouros. No monte Vidual situámonos no punto máis elevado dos dous concellos (813 m) e liña divisororia entre eles. Nos outos moran os deuses e eríxense as torres:

Quixeron facer os condes de Lemos unha torre no alto do Vidual para poder mandarse sinais desde o castelo

² Diamond, Jared (2000)

³ Harari, Yuval (2015)

⁴ MacGregor, Neil (2019)

⁵ Bauman, Zygmunt (2007)

⁶ Comte Sponville, André (2001)

de Castro Caldelas ó de Monforte, pero derrumbaronno nunha guerra que houbo. Quedan no alto do monte as pedras dos cimentos⁷.

Quedan así establecidas as relacións do señorío de Caldelas e Lemos, ambos os dous dos poderosos Castro. Ao mellor non soubemos ver máis alá do vértice xeodésico da cume e a maleza ocultou algún vestixio da fortaleza.

A Cruz da Meda ábrese nunha chairiña roturada de novo para forraxe. A cruz suxírenos camiño e tránsito, confluencia de camiños que aquí enlazan; e a Meda indícanos promontorio tumular, desaparecido hoxe por mor das labouras agrícolas. No marco que aquí houbo – outra vez a preparación da terra cos tractores debeu dar conta del – sitúase a explicación lendaria da singular discontinuidade territorial da parroquia de Doade:

Xúntanse na Cruz da Meda catro parroquias; Vila-marín, Marcelle, A Penela e Doade. En tempos comían

elí catro curas, cada un na súa feligresía. O cura de San Pedro de Baños estaba amolado porque a súa capela non tiña terras. Na fecha convida para a comerotada xuntáronse elí os catro curas cada un a caballo do seu burro e coa comida. Cando xa tiñan todo disposto para comer, chegou elí o cura de San Pedro coa súa cabalería. Salía un cheiro a cabrito que daba gloria (era o que máis e mellores cabritos tiña de toda a contorna). Colocouse nun espazo baleiro que quedaba entre dous curas e, para pisar no seu, como non tiña terreo propio, descalzouse e esparceu polo suelo terra sagrada da capela que metera nos zapatos e dispúxose a comer ofrecendo os cabritos aos demais. Os outros curas nos se atreveron a pisar aquel recantiño por ser terra santa e por estar ocupados enchendo as barrigas lustrosas con aquela carne sabrosa. Enterado o conde de Lemos do sucedido, dicidiu darlle o cura ise rabo de terra por onde se mete o Concello de Monforte no Concello de Sober, quedando aisladas do resto as terras de Vilar de Mouros e a Lampaza, pasando os Palleiros e san Pedro para Monforte⁸.



Mapa da parroquia de Doade de **Javier Vivirido Salgado**.

⁷ Pedro da Lampaza e Suso do Vidual, Doade, 30-VI-2006

⁸ Pedro da Lampaza, Doade, 30-VI-2006.

Na Lampaza recibíunos un burro de ollos tristes e cabezada de cordeis de paca, indiferente a nosa presenza e as ovellas do Pedro da Lampaza que viñan carreira arriba. Homes e burros desasaparecen destas aldeas sin que lle poñamos remedio. Ao Pedro cumpríalle andar por saúde e as ovellas eran a disculpa perfecta para trepar monte. Mentres as ovellas pacían por alí, levounos carreira abaixo xunto da sobreira das Armazallas cunha caracocha na que, ao parecer, – e isto eran palabras de D. Manuel Losada, mestre e amigo – lle deixaban comida aos fuxidos da guerra, acubillados por estas ribeiras. Desde alí, a toponimia despregouse dos beizos do Pedro prolífica e minuciosa. Non importa que as curvas de nivel se xunten impondo o seu imperio cheo de dificultades: os nosos souberon aproveitar e nomear ata o mínimo recuncho. A dereita o rego de Montefurado fai a divisoria co Colado e cambia de nome segundo avanza cara ao precipicio: Rego da Lampaza, Rego dos Muiños, Rego do Porto, e faise cachón ruxidoiro na Fanaqueira, por baixo da casa do Infante, e segue alcanzando cara ao Sil, onde, seguro, recibirá outros nomes. De fronte, A Cortiña, O Lagar e O Inchadoiro dos Mouros ao que se podía chegar cun carro para a carrega (a inchaia) das uvas, leña, pedra ou carbón de uz negra que o Licín de Paradela facía para os ferreiros. Desde o inchadoiro véñense tres ribeiras: Augas Férreas, moi boas para ouriños; O Burato, con sete pousos e a Viña Grande, con cinco. A cantidade de pousos dá conta da dificultade dunha ribeira, pois son os lugares para tomar un aire e pousar a carga. Polos camiños dos

muiños tamén adoita haber pousos con nomes tan significativos como Pousafoles. A toponimia é sempre esclarecedora e, por desgraza, unha das grandes prexudicadas destes tempos. Seguíu o Pedro debullando o mundo na Loumiñeira, O Colado, San Pedro de Baños, a alvariza do Segundo, a Cova dos Mouros no Cachín para, despois de nomear a exuberancia do país ribeirán, sinalarnos un curuto de pedra xistosa empoleirado sobre o Sil, defendido por dous foxos e o precipicio: era o Petouto dos Mouros. Del nos dixera a Concha:

Eli había unhas covas nas que vivían os mouros e saíanlle a xente que iba por elí.⁹

Completou a lenda o Pedro:

No Petouto dos Mouros decían que había ouro e encontrábase restos de cerámica.¹⁰

O Pedro foise para o lugar onde habitan os mouros. No Inchadoiro, repousados sobre a impresionante vista dos cavorcos, máis alá do



Petouto dos Mouros.

⁹ Concha da Lampaza, Doade, 30-VI-2006.

¹⁰ Pedro da Lampaza, Doade, 30-VI-2006.

embarcadoiro da Abeleda e da antiga ponte de Paradelas que contemplara Sarmiento e describira abraiado o Licenciado Molina¹¹ no ano de 1550, acordámonos do Pedro e falamos do peso, ás veces, esmagador dos mortos. Ao respecto, Marx recordounos que era algo a superar se queriamos o avance da sociedade referíndose ao aspecto negativo das tradicións. Mais nestes tempos rápidos e evanescentes nos que convertemos todo en mercancía fuxidía,¹² o Petouto semellounos unha oportunidade de transformación, e a memoria e o peso dos mortos foi para nós, sentados alí nas rochas, entre carpazas e xaras, a luz dun sol declinante difuminando a ribeira, non unha pesada carga, senón levidade poética.



Construción tradicional na Lampaza.

Os mundos sutís interesáronlle, tamén, a Joaquín Arias Sanjurjo que en 1914 andou por estas ribeiras. Este persoeiro relacionado coa casa Pardiñas de Compostela e a de Maside de Pantón, tan interesante na súa acidez e ironía imaxinativa, podemos consideralo, a decir do arqueólogo Xurxo Ayán, un dos inventores da Ribeira Sa-

cra¹³. En Doade achegouse a Pena do Castelo e a *la Fuente de San Germán*:

De la Peña, me llevó mi guía, un campesino animoso, tan viejo en años, como joven de espíritu, a visitar la sagrada fuente de San Germán, y allí apagué mi sed. Entusiasta por las tradiciones y leyendas de su país, en lo que hacía con otro de nuestros acompañantes, de edad joven, pero espíritu envejecido, despreciador de cantos, cuentos y refranes del saber popular de sus antepasados, que reemplaza con la asidua lectura de las extensas revistas de toros y crónicas de crímenes con que la prensa ilustra al pueblo español, me refirió que yendo unos gallegos a Castilla, vieron en la fuente del Guadarrama a una mujer hermosísima, que les dijo; “Fuentecilla de San Germán, caño de oro”. Les preguntó que de dónde eran, y le contestaron que de Doade de Amandi. Les dio entonces una torta y les hizo el encargo de que tan pronto llegasen al pueblo, visitasen la fuente de San Germán, llamasen y la entregaran. Se olvidaron al regreso de cumplir lo prometido, y, a los tres días, sintieron una voz que les dijo, “¡Ay lo que habeis perdido! ¡Fuente de San germán, fuente de oro!” En la fuentecilla había una mujer encadenada que los hubiera colmado de riquezas y beneficios si hubiesen ido a desencadenarla el día que llegaron. Esto que refieren los viejos del pueblo, y en lo que no creen los jóvenes que estuvieron en la Argentina, le ocurrió, según mi cicerone, hará un siglo a un vecino de San Tirso.

Cristianizada la fuente, se edificó junto a ella una capilla a San Germán, lo que hace sospechar fuesen de Francos sus fundadores. En el valle de Lemos recogí la tradición pagana del culto a las Ninfas de las fuentes, en la forma más pura y viva.¹⁴

¹¹ Licenciado Molina (2013)

¹² Bauman, Zygmunt (2007)

¹³ Ayán, Xurxo (2019)

Durante varios días intentamos atopar a fonte seguindo o seu relato. Non foi doado. Parecía que os veciños tiñan esquecido o lugar. Algúns remitiánnos á Fonte do Caño, a carón da estrada ao Castro Caldelas, relacionada, na súa primitiva construción, co militar Martínez Anido, con raíces familiares nesta parroquia. Cerca de Francos atopamos un veciño chamado Casimiro, sentado onda unha portaleira, que estaba ceibando as vacas: sete lustrosas marelas. Despois das presentacións e demáis preámbulos e reviravoltas na que ás veces te chegas a esquecer do obxectivo inicial, explicounos que estaba medio cego e que ía vender as vacas como así xa o fixeran a maioría dos veciños. Cando lle preguntamos pola fonte de San Xermán non soubo decirnos nada, mais despois de cavilar un pouco, acordou:

*Sí, a Fonte de San Xermunde! Eu nunca fun alí porque non temos eidos, pero falábame dela meu pai. Nacía entre dúas penas, dous coiros blancos. A auga seica era moi boa.*¹⁵

O camiño que fixera Arias Sanjurjo no ano de 1914 da Pena do Castelo ás Fontelas de San Xermunde, estaba pecho naqueles anos, pero o Alfredo de Francos, veciño do Casimiro, recordábo perfectamente á marxe dereita das rochas. Aínda coa broza mesta cerrando o paso, calca o sendeiro sen equivocarse. Despois dun dificultoso andar, ou mellor, furar, entre uceiras, carrascos e carqueixas, chegamos a unha ampla plataforma na ladeira do monte suxeitada por un muro de pedra: un balcón aberto a ribeira. Alí nacen, ao pé das ro-

chas, as Fontelas de San Xermunde e alí, segundo os testimonios, estaría a capela.

Do lugar sacábase a leña ao lombo logo de quedar resgardada debaixo das covachas, a espera da fornada do pan; por alí os mozos encontrábanse coas mozas mentres ceibaban cabras e ovellas e, había quen, máis abaixo, tiña hortos que regaban coa auga dos mananciais.



O Alfredo na Fontela de San Xermunde.

Un ano despois falamos coa Flora:

*Na Fonte de San Xermán había un mouro encantado con moitas riquezas. Se alguén soupera as palabras para desencantalo converteríase en home e traería as riquezas. Intentárono, pero nadie o deu desencantado e morreu.*¹⁶

Anos despois:

*Os mouros da Pena do Castelo van beber a Fonte de San Xermunde. Decíame a nai: Fonte de San Xermunde, fonte de ouro.*¹⁷

¹⁴ Arias Sanjurjo, Joaquín: *Una excursión a la Ribera Sagrada*. Boletín Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Orense. Tomo V, nº 97, Julio-Agosto, 1914.

¹⁵ Casimiro de Francos de Doade, 17-VII-2001.

¹⁶ Flora, Doade, 17-XII-2002.

E, tamén, cinco anos despois:

*A fonte de San Xermunde íbanse peinar as mouras da Pena do Castelo cun peine de ouro.*¹⁸

Trinta e dúas son as lendas onde a auga é o medio onde se desenvolven as historias recollidas nas parroquias do Concello de Sober¹⁹. A auga é un punto de referencia importante, un límite e un paso que nos pode conducir a outros mundos; a auga é unha barreira e unha porta; está poboada dos seres saídos dos substratos máis fondos do inconsciente; a auga é a fonte da vida, da rexeneración, o lugar onde converxen o ben e o mal, o cotiá e o extraordinario e, tamén, un recordo do pasado biolóxico no útero materno. A carón da auga sentimos, perigosamente, a necesidade de mergullarnos nas fonduras de nós mesmos: Xa se di que toda fonte ten o seu afogado.²⁰

Da Pena do Castelo, relacionada, como se ve, coa Fonte de San Xermunde, dixera o Casimiro:

*Hai un pucheiro de ouro na Pena do Castelo. Nunha ocasión veu un de Santa Tecla de Caldelas e encontrou unha pedra que levou con grande interese.*²¹

Para chegar a Pena andamos unha miga polo camiño real que desde Caldelas cruza a Ponte de Paradela e sobe cerquiña do Castelo en dirección a Francos. Nunha parede do camiño encontramos un elemento construtivo romano, un ladrillo macizo. A toponimia rexistra a zona de entra-



Vestixios da antiga Ponte de Paradela.

da a este territorio como Portadoade; a Pena do Castelo, estratéxicamente situada, pudo ser un posto de control do acceso ao mesmo. A Pena é un farallón sobre a ribeira humanizada de viñas. Cavorcos de fartura máis que de medos. Castro Caldelas no alto expreitando sempre. A pena entraríase polo Noroeste, contando en tempos aquí cun foxo que a protexería. As outras caras ábrense ao precipicio, flanqueadas por laxas de pedra a modo de almeas defensivas. Aquel día de xullo, cando fomos por primeira vez, vimos os xogos que a luz facía na ribeira e aproveitamos para facernos fotos empoleirados no cume. Nel, dicía a Sra. Ángela de Santa Cruz terlle oído aos vellos que viran pelear dous bois moi grandes. Contoulle ao seu neto Luís:

*Dicían que alí se escornaban dous bois. Eu teño estado elí e non creo que collan.*²²

¹⁷ Manolo, Doade, 12-VI-2006.

¹⁸ Pai do Javier de Doade, 12-VI-2011.

¹⁹ Alfonso Campos

²⁰ Biedermann, Hans (2004)

²¹ Casimiro de Francos de Doade, 15-VII-2001.

En Francos falamos coa sra Delfina Soto Delafuente (así nolo fixo constar), e a Sra. Elvira. A Sra. Delfina ceibaba as ovellas por debaixo mesmo da pena, por onde vai o regato da Ponte de Pedra ou Real, con augas ferruxinosas: Único lugar para beber por alí.

Dixéronnos que hai como unhas escaleiras para subir e dous buratos na pena. Oíran, as dúas, que alí viviran os mouros:

*Nunha ocasión os mouros díronlle carbóns a unha rapaza que andaba por alí coas ovellas, prometéndolle que si non os miraba ata chegar a casa convertírianse en ouro.*²³

Aí acabou o conto. É a lenda tan extendida da Sabeliña. Á sabeliña, sabemos por outros testemuños que lle puido a curiosidade e acabou convertida en unto coma castigo. O Papiro – que Deus o teña na gloria – falounos dos tráxicos usos tradicionais do Castelo:

*Subío o Pachín o burro vello a Pena do Castelo e guindouno polo precipicio. Por baixo, na Tapada de San Amaro, andaba o Sr. Manuel e berroulle o Pachín: “Escape, tío Manuel, que é vai o mouro.”*²⁴

Noutra ocasión:

Por baixo da Pena do Castelo hai unhas covas que di a xente que eran as habitacións dos mouros.

Por onde andaba o Sr. Manuel seica houbo unha capela dedicada a San Amaro que ninguén recorda. Algo dela viu a sra. Elvira:

*Aínda podería atopar os restos das tellas que vin por elí a pesar dos anos que fai que non vou.*²⁵



Vistas desde a Pena do Castelo.

A devoción a San Amaro está moi extendida en Galicia e Portugal. A el se lle adicou unha das primeiras haxiografías de santos da península ibérica. Amaro deixa todos os bens terreaís e inicia cuns amigos unha viaxe na procura do paraíso. Despois de moitas aventuras, nun ascenso en solitario, Amaro consegue contemplalo durante uns segundos. Cando retorna a praia onde deixara barco e amigos, encontra alí unha cidade fundada polos seus acompañantes. Pasaran douscentos anos. En moitas ocasións San Amaro, como outros santos, serve para cristianizar elementos e ritos antigos. Non está dentro do canon da igrexa católica, por iso foi substituído polo abade beneditino (tamén de dubidosa existencia) San Mauro. En realidade podería ser unha adaptación ibérica do santo irlandés Brandán.²⁶ Na Pena do Castelo fixeron unha capela cuxa advocación, seguindo a norma

²² Luís do Ferreiro da súa avoa Ángela de Sta. Cruz de Brosmos, 20-IX-2000

²³ Delfina e Elvira de Francos de Doade, 27-VII-2001.

²⁴ José “Papiro” de Doade, V-2003 – 23-VIII-2005

²⁵ Elvira de Francos de Doade, 27-VII-2001

oficial, e o San Mauro. A tapada que garda o recordo da antiga capela segue a chamarse de San Amaro, coma outros moitos lugares da nosa xeografía. A labor de Martiño Dumio²⁷ e o seu adoutrinador *De correctione rusticorum*, continúa moitos séculos despois.

Algo de mouro ten Amaro e máis Mauro por evidente similitude fonética. Os mouros e as mouras son un dos personaxes máis significativos do noso imaxinario colectivo. Neles gardamos a imaxe dos antepasados ou de antigos deuses; son o “outro” non humano e ao mesmo tempo, unha proxección do inconsciente colectivo do campesiño galego, unha regresión a un estado inferior e unha vía de escape a represión que supuxo o cristianismo. Nas lendas recollidas neste concello – semellantes ás doutros – viven en lugares onde viviron os devanceiros ou en lugares singulares da natureza. Podemos velos e vivir para contalo pero cumpriremos a nosa parte do trato; posúen moitas riquezas que ambicionamos e, aínda considerados como distintos, recórdannos moito a nós mesmos, por aquilo de que os deuses en xeral – ao contrario do que nos di o mito creacionista – son feitos a nosa imaxe e semellanza.

As mouras manteñen aspectos comúns cos mouros. Igualmente gardan riquezas, viven en covas, penedos, antigos asentamentos e demáis lugares *marabillosos* da nosa paisaxe, máis as fontes estánlle especialmente destinadas e alí viven, ás veces en tríadas, agardando a ofrenda dun

molete de pan ou queixo que as desencante. Con elas podemos relacionar as Anas Mananas ou as Aureanas do Sil. Nomes de raíz indoeuropea con significado, curiosamente, de alimento. Os últimos estudos sobre a xenética van aclarando as evidentes relacións entre os mitos de diferentes culturas afastadas xeográficamente.²⁸ Algo terán que ver os movementos poboacionais dos humanos levando consigo os arquetipos: ese sustrato común que coas variacións impostas polo tempo e a adaptación ao territorio explica as concomitancias do imaxinario de diferentes pobos. Esta idea do *inconsciente colectivo* a que lle engadiremos a estrutura cerebral deste ser que fachendosamente se autodefine como *homo sapiens*, recóllea Joseph Campbell, un dos grandes estudiosos da mitoloxía. En relación a auga na que habitan estas mouras ou Anas, aclaranos o seu significado:

O trauma do nacemento como un arquetipo de transformación inunda cun efecto emocional considerable os breves instantes de perda de seguridade e a ameaza de morte que acompaña calquera crise de cambio radical.²⁹

As mouras cumpren a palabra dada, teñen o valor ineluctable da natureza, certo parecido coas moiras gregas marcadoras do destino do cal ningún, nin deuses nin humanos, poden escapar. Preséntanse no seu papel feminino tradicional coma seres sensuais e perigosos a quen tan só a vontade do macho pode dominar matando a serpe que leva dentro. A serpe é trasunto do mal

²⁶ *Historia de la vida del bienaventurado San Amaro con el martirio de Santa Lucía* (1903)

²⁷ Réau, Luis (2000)

²⁸ Lalueza, Carles (2018).

²⁹ Campbell, Joseph (2018)

mais tamén é símbolo do inframundo e da fertilidade. A moura pode facer increíbles proezas coma saltos descomunais, levar pedras sobre a cabeza que logo pousa, fiar na lá, ir por auga a fonte, peitearse, lavar, tender a roupa ou os tesouros ao sol, coidar galiñas de ouro. Isto fálanos do rol asignado á muller pola cultura patriarcal dominante, ao mesmo tempo que nos fala dun ser diferenciado e poderoso mirado con certo temor. Detrás, para algúns autores, pode quedar un substrato de culto as deusas dispensadoras de soberanía e o culto a propia terra como centro da vida campesiña e promesa de prosperidade.³⁰

Despedímonos do lugar cunha lenda que relaciona tres lugares xa mencionados:

Contaba a avoa que antigamente o pobo estaba no Castelo pero que houbo unha catástrofe e desapareceu. Salváronse dous irmaos que se foron vivir a San Xermunde cunha vaca que lles quedara. Logo fundaron o pobo de Francos.³¹



Hexasquel, posiblemente achado no Castro do Escalleiro.

En Doade hai catalogados cinco asentamentos castrexos ou en altura: O Petouto dos Mouros, A Pena do Castelo, o castro da Coroa, o castro do Escalleiro e o castro das Borreas. Este último domina unha zona vitícola de antigo que xa aparece na documentación do mosteiro de san Vicente do Pino con detalles tan curiosos coma as multas impostas polo mosteiro aos que se lle ocorrira facer a vendima antes de tempo. Como vemos, non é unha norma inventada pola moderna D. O. Ribeira Sacra.³² Nas paredes dos socialcos consérvase algún elemento do asentamento. Das Borreas contounos a Josefa:

Nas Borreas había un burato no que dicían que vivían os mouros. O burato ía ata o regato da Acea. Alí mataron a unha rapaza a quen lle diron unbos carbós que se volverían ouro se nos os miraba antes de volver a casa. Parece que os mirou e os mouros colleron venganza; e cando volven por elí coas ovellas metéronna nun caldeiro de aceite fervendo.³³

Unha vez máis a curiosidade é a perda da Sabeliña.

Outro día, vendo por dentro a capela de San Pedro de Amandi, O Joaquín, un home con moitas historias na cabeza, díxonos:

Na chaira das Borreas había unha pedra plana onde asabamos as castañas; logo estaba a Borralleira: unha rega de pedras que iba hasta ó río con moita pendiente. Había un carreiriño polo medio polo que se baixaba a pé tendo coidado de non pisar fóra dil nas pedras de lado, senón, íbaste abaixo. Elí pola Borralleira iba un filón de

³⁰ Vaqueiro, Vítor (2011)

³¹ Enrique Álvarez "Rebenexo", Doade, 10IX-2006

³² Fray Mancio de la Torre (1613)

*ouro que se se descubría esborrallábase todo hasta o río. Tamen había un burato nas Borreas que si tirabas unha pedra sentíase cair moi fondo.*³⁴

Nesta lenda descubrimos unha das características dos tesouros, como xa nos contaba Álvaro Cunqueiro: a pouco que te achegues, eles vólvense escurridizos e escapan.³⁵

De marco a marco non hai arco, di o refrán. Mais o río non sabe de refráns e prefire o andar sinuoso e curvilíneo marcando as estremas da parroquia de Doade coas caldelás ata a Fonte da Frieira, onde limita coa de Amandi.³⁶ Principiamos co marco da Cruz da Meda e rematamos cun dos

fitos máis utilizados como límite: As fontes. A Frieira está nunha zona moi pendente da ribeira, aí onde a desmesura anícanos chamando á humildade e á reflexión. Cada gota de viño, aquí, podemos decir, que é unha gota de suor. O Trece é bo coñecedor destes pagos:

*A auga sae entre unbas pedras que bota, si se quere por cen sitios distintos. O curioso é que cando tolda a auga da fonte de Neiras, aquela que hai na carretera no cruce coa Vacariza, tolda tamén a da Frieira.*³⁷

Os de Amandi atoparon na fonte remedio para as doenzas do fígado:



Ribeira de Doade desde o miradoiro de Matacás.

³³ Josefa, Doade, 13-III-2006

³⁴ Joaquín Rodríguez de San Pedro de Amandi, 11-III-2009

³⁵ Cunqueiro, Álvaro (1980)

³⁶ *Catastro de Ensenada* (2005)

*As augas da fonte da Frieira son boas para o fígado, sobre todo unhas herbas que saen na rocha por onde sae a auga.*³⁸

No imaxinario, as augas, como nos pozos Peagos, proceden dun mesmo manancial primordial que circula por todo o orbe e así mesmo, as augas, poden traer a pureza da alma e a salvación do corpo.

Deixámolo aquí. Todos os lugares con lenda da ribeira onde se cría o Amandi desborda os obxetivos desta modesta aportación. Nin siquera fixemos unha viaxe exhaustiva pola tradición lendaria da parroquia de Doade. A riqueza deste noso país é inmensa ao igual que a da farturenta e dadivosa ribeira poboada de historias sempre renovadas, antigas e contemporáneas.

Todo territorio está poboado de seres reais e imaxinarios. Coa despoboación van minguando os seres reais (si aos humanos nos referimos) e con eles, tamén, os imaxinarios. Para Anxo Muíños autor dun interesante libro titulado *O Alén dos barqueiros* (ed. Fanes, 2018), a desaparición destes seres imaxinarios que conforman o saber colectivo da nosa xente é un desastre aínda maior que a perda do patrimonio material.³⁹ Cantas Notre Dame se perden para sempre. A profesora Linda Woodhead (Maggregor, 2019) dá *na chave da franta*:

Algo ocorre na nosa sociedade que ten que ver coa aceleración do cambio. Os rituais nos que te inicias nun saber establecido, un corpo fixo de coñecementos que se transmiten de xeración en xeración, todo iso deixa de ter sentido cando as



As Borreas e A Frieira desde a Pena do Castelo.

³⁷ Xosé Álvarez Díaz (Trece), Doade, 26-II-2007

³⁸ Javier de San Pedro de Amandi, 23-VII-2011

cousas cambian tan rápido que un adolescente xa sabe moito máis que os seus pais sobre asuntos de importancia capital como a tecnoloxía dixital. Iso altera o vello patrón da transmisión do coñecemento. Creo que, como sociedade, enfrontámonos ao problema de cómo transmitir aqueles valores que perduran e non cambian.⁴⁰

Na procura do *marabilloso* Doade e as sendas deste país ribeirán teñen aberturas a outros mundos que están en nós. Todo camiño suxírenos unha viaxe transformadora e iniciática como a de San Amaro: Só precisamos estar despertos coma un buda.

³⁹ Muíños, Anxo (2019)

⁴⁰ MacGregor, Neil (2019)

Bibliografía

ÁLVAREZ MERAYO, IVÁN: *Prospección e delimitación arqueolóxica dos xacementos arqueolóxicos do Concello de Sober*, 2006. Orixinal entregado na Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, Consellería de Cultura.

AYÁN, XURXO: *Debates dende a comunidade: Bic Ribeira Sacra*, 11-IV-2019. Centro do viño, Monforte de Lemos.

BAUMAN, ZYGMUNT: *Vida líquida*. Círculo de Lectores, 2007, pax 135.

BIEDERMANN, HANS. *Diccionario de símbolos*. Paidós, 2004.

CAMPBELL, JOSEPH: *Las máscaras de Dios. Mitología primitiva*. Volumen I. Atalanta, 2018.

CAMPOS, ALFONSO: Inédito. Recollido por Alfonso Campos: *Lendas do Concello de Sober*.

CATASTRO DE ENSENADA: *Respuestas xerais das parroquias do Concello de Sober*. Trascrición de Manuel González Rodríguez, Lugo, 2005.

COMTE SPONVILLE, ANDRÉ: *La felicidad*. Círculo de Lectores, 2001, pax 77.

CUNQUEIRO, ÁLVARO: *Tesouros novos e vellos*. Galaxia, 1980.

DIAMON, JARED: *El mundo hasta ayer*. Debate, 2000.

HARARI, JUVAL: *De animales a dioses*. Debate, 2015.

Historia de la vida del bienaventurado San Amaro con el martirio de Santa Lucía. Valladolid, 1903.

LALUEZA, CARLES: *La forja genética de Europa. Una visión del pasado de las poblaciones humanas.* Universitat de Barcelona, 2018.

LICENCIADO MOLINA: *Descripción do reino de Galicia, 1550.* Toxosoutos, S.L. 2013.

MACGREGOR, NEIL: *Vivir con los dioses.* Debate, 2019.

MANCIO DE LA TORRE, FRAY: *Registro de las escrituras de ambos archivos eclesiástico y secular de este Real Monasterio de San Vicente. Elaborado en 1613.* Doc. particular. transcripción de José María Lago Bornstein.

MUÍÑOS, ANXO: Presentación do libro *O alén dos barqueiros* no clube de lectura de Sober, na biblioteca municipal, 3-IV-2019.

RÉAU, LUÍS: *Iconografía de arte cristiano.* Ed. Serbal, Barcelona, 2000.

VAQUEIRO, VÍTOR: *Mitología de Galicia.* Ed. Galaxia, 2011.

R. CUBA, XOÁN , REIGOSA, ANTONIO, MIRANDA, XOSÉ: *Diccionario dos seres míticos galegos.* Xerais, 1999.


APARICIO CASADO, BUENAVENTURA: *Mouras, serpientes, tesoros y otros encantos.* Cuadernos do seminario de Sargadelos, A coruña, 1999.



2. XX Aniversario da Asociación: Exposición 20 anos da Asociación.







Placa conmemorativa do XX Aniversario da Asociación Camiños a Santiago pola Ribeira Sacra que o goberno do Concello de Monforte de Lemos impediu se colocara sobre fito de granito, típico da sinalización dos Camiños de Santiago, no casco histórico da cidade monfortina por donde pasa o trazado do Camiño de Inverno.

Una reliquia de Santiago Apóstol en el Camino Sur por la Ribeira Sacra

Ángel Arnaiz

Periodista e historiador

El desaparecido escritor y cineasta Juan García Atienza señala, en la introducción de su obra *Leyendas del Camino de Santiago*, que hacer una ruta de peregrinación, como puede ser la del Camino Sur por la Ribeira Sacra, “supone emprender un camino a la vez exterior e interior”. Precisa que se trata de “una marcha dura y probática hacia una meta, convertida en un proceso iniciático durante el cual el peregrino podrá llegar a adquirir plena conciencia de su propia trascendencia”.

El apóstol Santiago el Mayor, hijo de Zebedeo y de Salomé, hermano de Juan el Evangelista, nació en Jaffa, lugar cercano a Nazaret. Fue uno de los cuatro pescadores que Jesús eligió como primeros discípulos, sus predilectos: Pedro, Andrés, Santiago y Juan. Por su carácter impulsivo y apasionado, Jesús lo llamó “hijo del trueno”. La supuesta aparición de sus restos mortales en Iria Flavía (Padrón), traídos por sus seguidores desde Palestina, donde muere decapitado, fueron enterrados en la actual Compostela, ciudad santa que se convirtió en foco de peregrinación a través de

una red de itinerarios que dieron vida al llamado Camino de Santiago. Todo un fenómeno de traslado de gentes e ideas.

Uno de esos trayectos iniciáticos jacobeos es el bautizado como Camino Sur por la Ribeira Sacra, que este año cumplió dos décadas desde su recuperación y puesta en valor, gracias al excelente trabajo realizado por la Asociación Camiños a Santiago pola Ribeira Sacra, capitaneada por la incansable profesora Aida Menéndez Lorenzo.

En esta ruta, que gana peregrinos de año en año, en el convento de las Franciscanas Descalzas de Monforte, se encuentra una desconocida reliquia del Apóstol Santiago el Mayor que, desde mediados del siglo XVII, aparece en los inventarios de los cientos de huesos de santos y apóstoles que atesoraron los VII Condes de Lemos, Pedro Fernández de Castro y Catalina de la Cerda y Sandoval, durante su etapa como virreyes de Nápoles y que depositaron, en preciosos relicarios, en la clausura de este cenobio de religiosas Clarisas, donde ingresó la propia condesa tras la muerte de su esposo.

Las primeras noticias públicas de esa reliquia se remontan al año 1896. Aparecen en el apéndice de la Memoria sobre la vida de la fundadora del convento de Franciscanas Descalzas de la ciudad de Monforte y monja del mismo, Doña Catalina de la Cerda y Sandoval. Se trata de una obra premiada en el certamen literario habido en Monforte el año de 1895, escrita por una religiosa anónima de dicho convento, que fue publicada en 1896 por la imprenta Gerardo Castro Montoya de Lugo.

La otra fuente en la que se da cuenta de la existencia de un hueso del hijo del Zebedeo en Monforte es la publicación *Los dos Relicarios de Monforte de Lemos*, texto publicado también en 1896 en la capital de Lemos por la Imprenta de El Eco de Lemos, sita en la calle comercio, 21. Se subtitula esta obra como una reseña sucinta de

las sagradas reliquias que se guardan y veneran en los conventos de Franciscanas Descalzas y de PP. Escolapios de Monforte de Lemos, con las fechas y testimonios de su autenticidad.

En el primer caso, la clarisa biógrafa de la séptima condesa cita, en la nómina de reliquias veneradas en el convento monfortino dedicado a Santa Clara, que en un relicario de ébano y plata hay un pedazo de cruz de San Andrés Apóstol, y a los lados reliquias de Santiago Apóstol y Santo Tomé Apóstol⁷. Además indica que entre las reliquias pequeñas, que no bastan para poder rezar a ellas, se conserva una de Santiago el Menor Apóstol.

En el segundo caso, se da cuenta de una relación firmada por el padre José de Carabantes, que fue confesor de la congregación religiosa a finales del siglo XVII. En el pequeño libro publicado por el



Panorámica del convento de Santa Clara en Monforte de Lemos



Urna-relicario expuesta en el museo de Arte Sacro, con varios huesos sagrados, entre ellos el de Santiago Apóstol el Menor.

Eco de Lemos se cita, entre los más de tres centenares de sagrados restos conservados en la clausura conventual, un hueso de Santiago Apóstol con auténtica del ilustrísimo Laurencio, obispo de Cirene, en 4 de diciembre de 1597. También se alude a la ya señalada de Santiago el Menor.

Por su parte, la reconocida historiadora e investigadora Manuela Sáez González, en su completa obra sobre el relicario del convento, titulada *Del Reino de Nápoles a las Clarisas de Monforte de Lemos*, editado por la Diputación de Lugo en 2012, entre los índices de reliquias de los que se hace eco en su publicación, que se conservan en el monasterio monfortino, recoge un inventario firmado por la VII Condesa de Lemos y con notas posteriores del P. José de Carabantes, que se data en torno a 1647, que se corresponde con el publicado por la monja biógrafa de Catalina de la Cerda, del que no dio fecha y tampoco indicó por quién fue elaborado.

Sáez incluye también otra lista de reliquias elaborada en agosto de 1703 por Tomás Fernández de Quiroga, vicario eclesiástico de Monforte y José Antonio Tejada, rector del Colegio de la Compañía de Jesús, ambos comisionados por el obispo de Lugo, Lucas Bustos de la Torre, para que con notario o escribano “den fe de las reliquias que se veneran en el relicario de dicho convento”.

En ella se vuelve a nombrar textualmente “un hueso de Santiago Apóstol, con auténtica del Illmo. Laurencio ya citado, en quatro de diciembre de mil quinientos y noventa y siete”. Es un apunte similar al que aparece en la publicación de *El Eco de Lemos*.

A la luz de estas referencias es evidente que las clarisas monfortinas guardaban entre sus muros conventuales un supuesto hueso de Santiago, sepultado en Compostela, una reliquia de prestigio que figuraba en el extenso osario atesorado por los Condes de Lemos.

No debemos olvidar que en ese tiempo se creía que estos venerados restos mortales tenían propiedades curativas y milagrosas, además de aportar influencia y prestigio a sus poseedores. Eran un símbolo de poder, tanto para una iglesia como para un particular. Además había una suerte de estatus en las reliquias y eran más valiosas y codiciadas si pertenecían, en este orden, a Jesús, la Virgen, los apóstoles, a los primeros mártires y luego al resto de santos. Fruto de esas creencias, a la sombra de la demanda de reliquias, nació un floreciente comercio de cuerpos y huesos de santos que se extendió por toda Europa durante varios siglos.

Sin embargo, el hueso del pescador discípulo de Jesús que se guardaba en Monforte, según las propias religiosas reconocen, parece haber desaparecido de los fondos conventuales o cuando menos está perdido. De hecho, en el excepcional museo de Arte Sacro que hay en dependencias monasteriales se exhibe, en una urna-relicario de madera, el resto óseo, junto a otros, del también apóstol Santiago el Menor. Lo lógico sería que se mostrase, en lugar preferente, el de Santiago el Mayor, uno de los referentes de la cristiandad de Europa, a cuya sepultura en la ciudad santa de Compostela acuden todos los años decenas de miles de peregrinos.

Al margen de ese enigmático misterio del hueso de San Yago que llegó a la capital de Lemos, no se sabe muy bien de la mano de quién y por qué caminos, lo cierto es que el aludido museo de Arte Sacro de las madres Clarisas de Monforte, merece, en el caso de los que siguen la ruta del Camino Sur por la Ribeira Sacra, un alto para visitarlo y admirar el mundo mágico, cargado de obras de arte que dejan a uno con la boca abierta, de un tiempo en el que Dios era el centro del mundo. La invitación la hacemos extensiva a todos aquellos que visitan la ciudad del Cabe. El museo es un paraíso de reliquias y artísticos relicarios italianos que reflejan el prestigio y poder que los VII Condes de Lemos tuvieron en su tiempo.



Detalle de la urna-relicario en el que se ve la cartela original que identifica el resto óseo de Santiago el Menor.

3. XX Aniversario da Asociación: Presentación Guía de Aida Menéndez.



O Camiño de Inverno a Compostela a través do xeoparque mundial da UNESCO Montañas do Courel

R. Vila¹⁻³ e D. Ballesteros¹⁻²

O día 11 de abril de 2019 o territorio lucense Montañas do Courel, formado polos concellos de Folgoso do Courel, Quiroga e Ribas de Sil, converteuse no primeiro Xeoparque Mundial da UNESCO de Galicia. Este recoñecemento internacional é froito da posta en valor da xeoloxía local dende o ano 2002, mediante a súa promoción a través de miradoiros, museos, centros de interpretación e publicacións promovidas polos tres concellos co apoio do Grupo de Desenvolvemento Rural (GDR) Ribeira Sacra-Courel, a Deputación Provincial de Lugo e a Xunta de Galicia. As entidades locais do territorio constituíron a **Asociación para a promoción territorial das Montañas do Courel** no ano 2016 para impulsar a candidatura a xeoparque mundial perante a UNESCO en novembro de 2017. Despois da súa aprobación pola Comisión Nacional Española de cooperación co citado organismo

internacional dependente da ONU, en xullo de 2018, dous auditores da UNESCO percorreron unha boa parte das Montañas do Courel durante tres intensos días, para coñecer sobre o terreo o aproveitamento turístico e educativo da xeoloxía e bens culturais mediante infraestruturas e actividades desenvolvidas polos tres concellos, xunto coas axeitadas medidas de conservación do Patrimonio Xeolóxico.

Actualmente hai máis de 150 xeoparques mundiais da UNESCO repartidos por máis de 40 países. España, con 13 xeoparques mundiais, é o segundo país en número de xeoparques detrás de China, cunha superficie case 19 veces superior á de España. En esencia, un xeoparque é un territorio que contén un notable Patrimonio Xeolóxico nun territorio ben definido e suficiente para traballar en común nun proxecto de

1 Comisión científica del Proyecto de Geoparque Mundial Montañas do Courel. www.courelmountains.es

2 UMR 6266 IDEES, Université de Rouen-Normandie/CNRS. Mont Saint-Aignan CEDEX, Francia. daniel.ballesteros@univ-rouen.fr

3 Museo Xeolóxico de Quiroga. Rúa do Caurel, 21, 27320 Quiroga, España. concello.quiroga@eidolocal.es

desenvolvemento sostible. Afondando un pouco máis, o concepto xeoparque mundial abrangue tres liñas mestras: I) promoción do xeoturismo e a creación de produtos vencellados á imaxe da xeoloxía local como estratexia de desenvolvemento económico; II) fomento da educación e a participación cidadá; e III) coñecemento do Patrimonio Xeolóxico mediante un inventario de lugares de interese xeolóxico e outras actuacións ligadas ao Patrimonio Cultural (arqueolóxico, histórico, etnográfico e biolóxico). Os xeoparques non son figuras de protección coma os parques nacionais, naturais ou a Rede Natura 2000, polo que non ten unha lexislación expresa, aínda que vela pola conservación do Patrimonio Xeolóxico. Dentro destas liñas mestras, todos os xeoparques mundiais colaboran entre si mediante as redes europea e mundial de xeoparques, ámbalas dúas incluídas no programa UNESCO.

O Xeoparque Montañas do Courel abarca unha superficie de 578 Km² e unha poboación, principalmente rural, de 5.124 habitantes (consulta INE xuño 2019) distribuídos do seguinte xeito: 1.004 habitantes no Concello de Folgoso do Courel, 3.176 no municipio quirogués e 944 persoas no Concello de Ribas de Sil.

As Montañas do Courel son un perfecto escaparate para coñecer boa parte da historia xeolóxica da Terra e a súa relación coa Humanidade. O Xeoparque xira ao redor do emprego da xeoloxía polo ser humano, incluíndo as rochas, sedimentos, minerais, ríos e covas dende a Prehistoria.

As rochas do xeoparque orixináronse principalmente nun océano paleozoico entre 540 e 420 millóns de anos atrás, ocupado por trilobites, braquiópodos, gasterópodos e outros seres vi-

vos conservados en forma de fósiles nas rochas. Posteriormente, estas rochas víronse no medio dunha enorme colisión tectónica que produciu a formación dunha gran cordilleira, chamada a Hercínica ou Varisca, hai aproximadamente 350 millóns de anos. Este proceso causou a dobra de rochas e o seu metamorfismo, dando lugar as coñecidas lousas, xistos e cuarcitas que dominan as Montañas do Courel. Neste intre orixinouse a dobra deitada da Serra do Courel, LUGAR DE INTERESE XEOLÓXICO ESPAÑOL DE RELEVANCIA INTERNACIONAL (GEOSITES-2011) e Monumento Natural de Galicia (2012), entre as aldeas de Campodola e Leixazos. A gran cordilleira varisca erosionouse case por completo e sobre os seus restos érgueuse a Cordilleira Alpina. Isto aconteceu hai uns 70 ou 80 millóns de anos, a finais do Mesozoico, tivo lugar unha nova colisión de placas tectónicas. Desta volta, a placa Ibérica, onde se atopa o noso territorio, quedou atrapada entre as placas Africana e Europea, sufrindo unha forte compresión. Como consecuencia produciuse o levantamento das cordilleiras alpinas, incluíndo o relevo actual da Península Ibérica, e por conseguinte, as Montañas do Courel. Este levantamento produxo que as antigas rochas paleozoicas, situadas a gran profundidade, ascenderan ata a superficie terrestre, ao mesmo tempo que se erosionaron as rochas que as cubriran no pasado. A medida que se levantou o relevo formáronse os ríos actuais, aínda que é posible que o río Sil tivera a súa orixe antes do levantamento do relevo actual. Como consecuencia desta nova disposición, os ríos escavaron de xeito rápido os seus leitos encaixándose no relevo e dando lugar aos barrancos, desfiladeiros e canóns que caracterizan as Montañas do Courel.

O relevo das Montañas do Courel presenta dúas áreas diferentes, unha situada ao norte e outra ao sur, por onde discorre o Camiño de Inverno. Ao norte érguese a Serra do Courel culminada polo monte Formigueiros (1.639 m de altitude) e pico Pía Paxaro (1.613 m), aproximadamente no centro das denominadas Serras Orientais de Galicia. Na área setentrional do xeparque destacan os ríos Lor, Louzara, Quiroga, Soldón e Selmo, alimentados por multitude de regatos. Estes ríos e regatos están fortemente encaixados no relevo con máis de 115 Km de profundos vales e gornxas moi labradas pola erosión. O encaixamento destes ríos desencadeou a formación de máis de 7 Km de covas pola disolución subterránea de rochas calcarias, que afloran principalmente ao norte do territorio. Posteriormente, os glaciares ocuparon as partes máis altas da Serra do Courel, onde aínda se poden rastrexar con bastante precisión os restos da última glaciación.

O Camiño de Inverno: 36 Km de xeparque

As augas dos ríos da parte norte das Montañas do Courel discorren cara o lendario río Sil que domina o sur das Montañas do Courel, que podemos



Plano xeparque-camiño inverno.

coñecer percorrendo de leste a oeste o Camiño de Inverno. Aínda que menos coñecido, este camiño é unha alternativa ao Camiño Francés a Santiago de Compostela, que bordea o norte do Xeparque, e que é empregado por moitos peregrinos dende toda Europa. Así, ambos camiños constitúen unha importante porta de acceso ás Montañas do Courel. Moitos peregrinos detíñanse en Ponnerrada á esperar a que a neve abandonase O Cebreiro, mentres que outros optaban por seguilo río Sil para adentrarse en Galicia seguindo un camiño que os levaba polo val do Sil a través do Barco de Valdeorras, A Rúa, Quiroga e San Clodio, dende onde ascendían polo val do Lor ata chegar a Pobra de Brollón e Monforte de Lemos. Aquí, os peregrinos pasaban a Chantada e tras cruzala Serra do Faro, Lalín e Silleda, chagaban ao seu destino en Compostela.

O Camiño de Inverno constitúe unha axeitada forma de coñecer de preto o Patrimonio Xeolóxico do sur do Xeparque, e a súa relación co ser humano. O val do río Sil atópase encaixado máis de 600 m no relevo, formando un gran val de 30 km de lonxitude que constitúe a principal vía de comunicación da rexión dende probablemente a Prehistoria. As relativas baixas precipitacións que caen neste val permiten o desenvolvemento dun microclima mediterráneo, moi agradable para gozar a pé. O val do río Sil está moi humanizado dende a chegada dos Romanos, que ocuparon as Montañas do Courel construíndo castros coma xa facían os seus habitantes que colonizaron previamente o territorio, fai uns 4000 anos. Os romanos explotaron máis de 100 minas de ouro no conxunto das Montañas do courel, destacando os xacementos auríferos do val do Sil, ligados maioritariamente á antigos depósitos fluviais.



Mesa interpretativa xeoparque e camiño inverno na Venda Nova.

A entrada do camiño de Inverno ao Xeoparque está moi marcada pola intensa actividade mineira romana acometida no entorno dos Albaredos e Montefurado. O ouro atopábase nos sedimentos alaranxados que destacan na paisaxe, e que foron depositados polo río Sil e os seus afluentes ao longo de todo o val. Aquí, os romanos escavaron o Túnel de Montefurado no século II d. de C, para desvialo río Sil e deixar abandonado un gran meandro con areas auríferas. Este meandro representa unha gran volta do río Sil declarada Lugar de Interese Xeolóxico polo Instituto Geolóxico y Minero de España.



Rúa saída de Montefurado.

Tras estas explotacións, o camiño elévase uns 200 m sobre o río Sil a medida que o val se agranda, con ladeiras socalcadas dedicadas ao cultivo de viño e aceite. Aquí destaca o muíño de aceite de Bendilló, onde unha rocha granítica machuca as olivas para producir o prezado aceite do val do Sil.

Punto destacado deste percorrido é o Castelo dos Novais, construído no século XIII, pola Orden relixiosa de San Xoán de Xerusalén que tivo nestas terras unha das súas encomendas máis importantes de Galicia. O castelo, parcialmente reconstruído, foi edificando na denominada “pedra *cabaleira*”, un conglomerado formado polos cantos redondeados de cuarcita que transportou o río Sil fai millóns de anos atrás, cando o río non estaba tan encaixado coma agora. Esta rocha é moi característica das construcións tradicionais do val do Sil, como pode verse nas igrexas de Sequeiros, San Miguel de Montefurado e San Clodio.


Posteriormente o camiño adéntrase na depresión tectónica de Quiroga, cuxa orixe podía estar relacionada con fallas que modificaron o traza-

do do propio río Sil. Nesta depresión existe un achaiamento do terreo onde se emprazan as vilas de San Clodio e Quiroga sobre sedimentos fluviais de poucos millóns de anos de antigüidade; estes sedimentos foron explotados, tamén nesta áreas, polos romanos abarcando superficies inmensas que se atopan alteradas pola construcións dos poboamentos modernos. En Quiroga atópanse os museos Xeolóxico e Etnográfico, cunha boa mostra da xeoloxía e a cultura do xeoparque, e que será complementada no futuro polo centro de interpretación da minería aurífera de San Clodio, situado ao mesmo pé do camiño.

A partir de Quiroga e San Clodio, o río Sil introdúcese augas abaixo no Canón do Sil e na Ribeira Sacra, que se prolongan ata a súa unión co río Miño. Nesta parte o camiño ascende uns 350 m por riba da altitude do río Sil, deixando atrás as terrazas fluviais de San Clodio pola coñecida como Montaña do Lor.

O paso do Camiño de Inverno polo Xeoparque remata ascendendo o val do Lor, con numerosos meandros e depósitos alaranxados tamén explotados polos romanos na procura de ouro. A ponte medieval de Barxa do Lor supón a saída do Xeoparque no que a xeoloxía e a cultura fúndense tras 36 km de percorrido.





CHARLO EN EL CAMINO

Mariano De Souza
2006



CEREBROS DEL MONASTRIO
DE SAN MILLAN DA SUZO.



4. XV Xornadas Culturais polo Camiño de Inverno



5. Viaxe a Madrid e Ávila



Que ven a Pianaosa!

María Asunción Arias Arias

Mestra de secundaria. Psicopedagoga. Escritora.
Presidenta da Asociación de Amigos do Camiño de Santiago por Valdeorras

Aos peregrinos e peregrinas da

Magna peregrinación da Unidade

Santiago 2003.

Levo en min
A Muller Pinaosa
Ignea dos volcans.
Lume aceso nas abas
Dos montes de Mones
E Sampaio.
Baixando cal vella das papas,
Invisibelmente cara o riu Sil.
Noites calurosa do verán,
Mes das segas, polos campos de centeo
E trigo caseño.
No xineceo das Airas
Xogando ao fresco.
Abrindo todas as portas,
Destemidas e sen medo,
Da vivida imaxinación.
A Pinaosa iluminando a noite
Cal estrelíña pousada en Terra
De non se sabe onde.
Alumaba o camiño para ir a dormir
Os soños da Alborada do maña.

E.
ameazantes
Berraban! :
-“Veña, vide xa para casa a dormir
que ven a Pinaosa e vos leva!
– Non vedes como ven de cara Santa María?”

Ah!
Fuxiu a infancia e as noites de verán
E tampouco quedan Pinaosas a lembrar.
Non son debuxos animados na televisión.
Quedaron agochadas no corazón
Das máxicas noites para avivar
O candil da poesía.
Esa encantada
Que anda a ofrecer
Os tizóns, cal tesouros,
Que lle dan espuma
Ao café.
Tizóns saídos dos torgos
Que prenderon nas Momoas
En ringleira de serpe

No cumio da Serra do Eixe
Dende o Leste ao Oeste.

Lendas de Mouros

Para ser o Lume-Novo

Que alcendera os corazóns

Da actual e Nova Hummanidade

Viaxeira da Paz

Peregrina do Camiño Neolítico das estrelas.

A procura do Compost Alquímico do Universo.

Na Compostela da máxica Gallacia.

A Pinaosa Trasmutada no Ouro da Sabedoria e
o Coñecemento

Anda a cantar entre os petroglifos

Galegos e os seus laberínticos camiños para le-
var de volta a casa

Aos cansos peregrinos.

Asunción Arias.

Utilizaba para no jugar con el fuego. De noche
ella podía venir y hacer que te hicieras pis. O

Te podía llevar al país de nunca jamas. Si te por-
tabas bien te devolvía y te dejaba en la cocina(la-
reira) o en la puerta de la casa en invierno al lado
de un fuego encendido para que no te murieses de
frío. Este personaje del mundo Paranormal solo
escuche hablar de ello por las tierras de Valdeorras
en la provincia de Ourense.



Atrio da Igrexa Neogótica de Gaudí. A caron do
Camiño de Inverno en Fontei. A Rúa.

6. Viaxe a Holanda e Bélxica





Catro Albergues no Camiño de Inverno por Deza

Daniel González Alén

Cronista do Deza

Primeiro fomos os investigadores e os historiadores quenes nos ocupamos de documentar e poñer de manifesto o Camiño de Inverno, unha variante do Camiño Francés que dende Ponferrada chegaba a Compostela, atravesando as catro provincias galegas polas comarcas de Valdeorras, Ribeira Sacra, Deza, Tabeirós e Ulla. Despois foron as asociacións de amigos do Camiño, das que a da “Ribeira Sacra” que preside Aida Menéndez foi pioneira, ademais de investigadora sobre este camiño, as que se encargaron da súa promoción e divulgación e mesmo marcaron e percorreron as súas etapas con notable participación popular. E xa antes de que os políticos decidiran apoiar esta nova ruta de peregrinación xacobeá que culminou no 2016 co recoñecemento oficial, varios emprendedores puxeron a funcionar albergues a pé do Camiño de Inverno, apostando decididamente por esta vía de peregrinación a Compostela que está chamada a ser no futuro unhas das máis concorridas pola fermosura e riqueza monumental e paisaxística das terras da Galicia interior que atravesamos, para as que pode significar un importante pilar no seu desenvolvemento económico que axude a paliar o éxodo poboacional que veñen padecendo.

E na posta en funcionamento destas instalacións privadas dedicadas de xeito especial aos peregrinos do Camiño de Inverno sen desbotar outro tipo de turistas e visitantes, a apertura de Albergues de Peregrinos ven sendo moi desigual: os concellos de O Barco de Valdeorras, Vilamartín, A Rúa e Quiroga contan con cada seu albergue, mentres os de Monforte de Lemos, O Saviñao e Chantada aínda non teñen instalacións deste tipo. Porén destaca neste senso a comarca de Deza, onde xa veñen funcionando tres albergues que polo de agora son dábondo para atender a demanda que non deixa de aumentar día a día, segundo as estatísticas oficiais que periodicamente se veñen manexando. O concello de Rodeiro conta con dous establecementos en San Xoán de Camba e na vila de Rodeiro, e o de Lalín con un, no centro da vila e axiña contara con outro de carácter municipal, que o Concello ao abeiro do plan DUSI con fondos europeos do programa FEDER, está a construír á beira do Camiño preto da antiga igrexa monacal de Lalín de Arriba.

PAZO DE CAMBA: ALBERGUE E VIVENDA DE USO TURÍSTICO



O Pazo de Camba atopase cara o final da 6ª etapa do Camiño de Inverno a Santiago, a pouco de baixa-lo Monte Faro. Foi torre fortaleza dos Camba, antigo e poderoso liñaxe medieval que dende aquí exercía señorío destas terras dos concellos concellos de Rodeiro e Chantada que atravesa este Camiño de peregrinación a Compostela. O pazo que foi ampliado e reconstruído como pode ollarse na actualidade entre os séculos XVI e XIX, coa súa torre e a igrexa parroquial que conserva moitos elementos románicos

do século XII, forma un precioso conxunto no que non faltan o cruceiro e uns castiñeiros a pé do Camiño. O albergue-vivenda, ocupa a á sur do pazo, e conta con antiga cociña lareira, amplo salón con acceso ao torreón, tres dormitorios e un cuarto de baño completo. En total, ten capacidade para oito persoas, con bo acomodo para descansar logo da etapa do Camiño que ven dende Chantada a Rodeiro ou tamén facer turismo polas terras da Galicia central que preside a Serra do Faro co seu famoso santuario mariano.



O Pazo de Camba ofrece agora acomodo aos peregrinos

HOSTAL E ALBERGUE “CARPINTEIRAS” RODEIRO



O Hostel Albergue “As Carpinteiras” en Rodeiro.

Quen prefira acomodarse no centro da vila de Rodeiro, pode topar aloxamento no Albergue-Hostal Carpinteiras a pe da estrada de Lalín a Monforte, a escasos 500 metros do Camiño de Inverno. Este establecemento de carácter privado está orientado especialmente para os peregrinos e ocupa o primeiro andar dun edificio que ten na planta baixa o recoñecido bar – restaurante “As Carpinteiras” que dou nome o Albergue . Neste moderno edificio e no anterior empra-

mento preto do río local, os desta familia foron dende sempre un referente na gastronomía das terras de Camba, que agora continúan os mais novos ampliando os servizos con este establecemento enfocado a atención aos peregrinos desta ruta a Compostela. O albergue dispón de 28 prazas en 3 habitacións compartidas e 12 privadas, cociña con tódolos aparellos precisos e conta tamén con garaxe, ofrecendo o servizo do restaurante con menú especial para os peregrinos.



O Hostel Albergue “As Carpinteiras” en Rodeiro

ALBERGUE LALÍN CENTRO

Na rúa que Lalín lle dedicou ao sabio Ramón María Aller, preto do seu Museo e Observatorio que agora son propiedade municipal, está o



O Albergue Lalín Centro está o carón do Museo Municipal.

Albergue Lalín Centro, que por iniciativa dos irmáns García Mejjome leva funcionando un par de anos nos andares superiores do edificio cuxo baixo ocupa o seu tradicional mesón familiar “A Casa do Gato” que tamén está o servizo dos peregrinos con menú especial e importantes descontos. O Albergue conta con 20 prazas en tres habitacións cos correspondentes servizos, que tamén poden ser alugadas completas por grupos ou familias. Ofrece cociña cos electrodomésticos e aparellos precisos e tamén servizo de recollida e traslado de peregrinos cando fai falta, xa que está situado a escasamente cen metros do Camiño.



Albergue Lalin Centro.

FUTURO ALBERGUE MUNICIPAL DE LALÍN

Para mediados do 2020 o Concello de Lalín ten prevista a conclusión das obras dun Albergue Municipal nos terreos que ocupaba o Colexio Público “Manuel Rivero. O emprazamento está próximo ao itinerario do Camiño de Inverno a Compostela, cuxos peregrinos serán os principais beneficiarios, aínda que tamén poderá acoller aos que cheguen pola Vía da Prata que atravesa o municipio lalinense a pouco mais de tres quilómetros da vila. O edificio destinado a albergue de peregrinos cos servizos propios dunha instalación deste tipo – recepción, sa de estar, habitacións, aseos, lavan-

dería e cociña – contará tamén cunha sa para usos múltiples na planta baixa para acoller reunións e actividades de asociacións e colectivos veciñais. A superficie total construída do inmovible é de 936 metros cadrados en tres plantas.

O financiamento por importe de mais de cen mil euros, virá a través do “Plan de recuperación social do Colexio Manuel Rivero” enmarcado na “Estrategía DUSI Lalín Summa 21” e ascende a preto dun millón de euros que proceden na súa maior parte de fondos europeos do programa FEDER.

OS ALBERGUES DO CAMIÑO MOZÁRABE EN DEZA.

No Albergue de A Laxe en termos de Lalín, xúntanse o Camiño de Inverno co Camiño Mozárabe ou Vía da Prata para continuar xuntos deica Santiago de Compostela. Nesta vía que dende as terras de Castela, atravesa varios concellos da provincia de Ourense e cruza a comarca de Deza, logo de varias décadas recoñecida e sinalizada, funcionan albergues en Castro de Dozón e Botos, e axiña tamén estarán en servizo os de A Xesta e Donsión. Nas etapas comúns dos dous camiños polo municipio de Silleda, logo do referido Albergue de A Laxe, funcionan na actualidade, catro establecementos privados en Silleda e un publico na A Ban-


deira, que son dabondo para atender aos peregrinos e constitúen unha clara aposta por parte dos concellos da comarca, polos dous camiños de peregrinación que a atravesan.



Maqueta do Albergue Municipal que se construe en Lalín.

7. Postal e mataselos conmemorativo





Postal prefranqueada anverso.



Matasclos



Postal prefranqueada reverso.



Un peregrinaje al interior

Francisco J. Ruiz Aldereguía
Escritor

En esta panoplia de peregrinos, que nos va presentando la VIA JACOBITANA, hoy toca rescatar a uno de ellos oculto durante 300 años. Se trata de un peregrino singular cuya trayectoria ha sido desconocida por toda la historiografía, incluida la gallega, pese a tratarse de un sujeto al que en otros lugares se le conoce como el “Gallego”. Si lo saco hoy a la luz es para que las gentes que vivimos en estas riberas del Camino de Invierno a Santiago conozcamos como hombres salidos de estos pagos han hecho su camino vital como un ejemplo de lealtad y virtud: aunque su influencia en la tierra que los vio nacer haya sido insignificante, sin embargo, en otro lugar del mundo su memoria sigue siendo objeto de controversia, formando parte en lo que llamamos con rigor: la Leyenda Negra o la Leyenda Dorada, según se mire.

La historia del desconocido peregrino tuvo la suerte de encontrarlo en el otro lado del mundo, precisamente en el Pacífico, en las Islas Marianas, donde terminó su largo camino. Pero no se trata de un camino de peregrino al uso, con su esclavina, calabaza de agua y concha vieira en su bordón. Más bien se trata de un peregrinaje al interior, desde la insatisfacción que produce el mundo y el dolor de los hombres, hasta alcanzar

el sosiego en cumplimiento de su deber sagrado, el cual se le hacía manifiesto en la obediencia a su rey y a su fe católica. Esa trayectoria le va a llevar desde su aldea natal en la Galicia interior hasta la isla de Guam en el Pacífico donde descansan sus restos después de su largo y singular camino.

Se trata de un noble hidalgo, Don Joseph Quiroga Losada, nacido hacia 1636 en la aldea de Hospital de Quiroga. Era un miembro de una familia vinculada desde sus orígenes a la encomienda de la orden de San Juan de Jerusalén, o caballeros Hospitalarios, que ya en esa época eran caballeros de la Orden de Malta. Su casa solariega se conserva en la actualidad en dicha aldea de Hospital, con el mismo nombre que



Casa granxa de Carvalledo.

consta en su partida de nacimiento: la Granxa de Carvalledo. La cual constituía el núcleo del mayorazgo de esa rama de la familia Quiroga. Los muros de la única torre que se conserva de la casa portan el escudo de tal familia, con los cuarteles parlantes, leyendas de las familias Quiroga, Losada, Valcárcel y Balboa con cuyos troncos forman linaje, siendo en la actualidad apellidos



Blasón de los Quiroga de Carvalledo.

extendidos y bien conocidos por toda la comarca. El camino real, es decir, el camino de Santiago pasa por delante de tal casa, pues la orden hospitalaria acogía a los peregrinos y enfermos que por allí transitaban. Muchos se acercaban a pedir limosna y pan a aquella noble morada de los Quiroga, cuya leyenda en su blasón dice: *sin Dios todo es vanidad*. La caridad de los Quiroga era bien conocida desde tiempos del fundador del linaje, don Vasco Perez de Quiroga, el que cedió parte de su tierra para que se instalaran los hospitalarios en el valle de Quiroga; en su tumba en la iglesia de Santa Maria de Torbeo alguien grabó: *... fue muy humilde y caritativo, a ninguno dejó morir de hambre*.

Nuestro peregrino, don Joseph, es el segundón de una familia que regenta el señorío de Cubillos, una localidad berciana al Norte de Ponferrada. Las vicisitudes de la vida le llevan a ser precisamente el heredero del mayorazgo de la Casa de Carvalledo, por sucesión de tío paterno. Por lo que desde muy temprana edad pasa a vivir en Hospital, cuando aún la orden de los hospitalarios mantiene la encomienda en su vigor con todos sus servicios activos de hospital, convento e iglesia, sala de justicia y su cárcel, incluyendo la casa del comendador y el castillo de Torres Novaes con su gobernador. Como otros nobles




Castillo de Torres Novaes en Quiroga.

de la comarca, don Joseph, cursará estudios en el Colegio del Cardenal de Monforte, regentado por los jesuitas, que en ese momento son la punta de lanza de la mejor pedagogía para jóvenes ricos y pobres, cuya enseñanza es gratuita para todos. En esos años la guerra de Independencia de Portugal es por su cercanía una constante en la vida gallega, hay temor a las levas de mozos, a las requisas, y sobre todo por su carácter fronterizo a las incursiones del enemigo, que más

parece guerra de bandoleros que guerra formal. Situación que durará unos 40 años. El mozo Joseph Quiroga se alistará de simple soldado en los tercios de infantería del Ejército de Galicia, participando en numerosas batallas y asedios de ciudades como Valenza do Miño y Monzao en el frente de la frontera portuguesa-galaica, ascendiendo por su valor en las acciones que combatió hasta el grado de capitán. Tuvo que asistir al triste fin de ver separarse el reino de Portugal. Después de gastar diez años de sacrificios y peligros en esta guerra pasa a Flandes, para defender ese territorio de un poderoso ataque del ejército francés de Luis XIV. Poco más de un año duró esa guerra, una vez satisfechas las ambiciones del Rey Sol a costa del patrimonio de los Austrias españoles. Por segunda vez el capitán de caballos corazas Quiroga verá otra ignominiosa paz, la paz de Aquisgrán, por no llamarle derrota en términos militares. En este tiempo en los Países Bajos tuvo mucha comunicación con las madres carmelitas descalzas de Bruselas. De estas madres se contagia su espiritualidad, descubriendo la importancia de *“abajarse de tanta hidalguía”*, entendiendo que el trabajo manual dignifica y lo que significa que todos los hombres son iguales ante Dios, pero cada uno en su puesto sirviendo con lealtad. Posiblemente fuera muy querido

de las madres carmelitas, siempre contó con sus oraciones, y el trato especial que tuvo de ellas fuera por ser pariente del padre carmelita José de Jesús Maria Quiroga, natural de Castro Caldelas, considerado como el primer historiador de la orden de los descalzos.

De vuelta en España pasará a formar parte de la guardia real en Madrid, y en ese puesto verá los trances por los que pasa la patria, corriendo más peligro de romperse por los problemas internos que por las muchas guerras exteriores sostenidas en todo el orbe. Estos peligros son por la mala política, la ambición de los poderosos, y las debilidades de la reina regente doña Mariana de Austria protegiendo al enfermizo niño-rey Carlos II, conocido en la historia como el “Hechizado”. Las graves crisis de la monarquía de los Austrias, y por ende del reino, sumado a un corto matrimonio que acabó con la muerte de su esposa en el parto y del hijo recién nacido, le llevan a un cambio radical de vida. Pide la excedencia y se retira al Santo Desierto Carmelita de San José de las Batuecas (Salamanca). Se trata de una experiencia nueva de los carmelitas descalzos, en la que algunos optan por hacer vida como ermitaños en lugar de vivir en comunidad en un convento. Por su parentesco con el obispo de Salamanca, el pontedeumés Francisco de Seijas y Losada, la comunidad le



Extracto de la carta de don José Quiroga a la duquesa Aveiro firmada en Guam el 30 de mayo de 1682



Monasterio Carmelita del Desierto de San José de las Batuecas.

acepta como laico para hacer su experiencia religiosa¹. Ocupa una cueva, planta su propio huerto, pide limosna para comer, viviendo en total pobreza. Cuando llevaba un tiempo en aquella vida de asperezas y penitencias, un día le visita el padre jesuita Tirso González, famoso predicador de la Compañía de Jesús, que fue teólogo y catedrático en Santiago y Salamanca, y que años más tarde sería el prepósito general de la orden. Y más o menos le expone la siguiente situación:

Hay unas islas perdidas en medio del Pacífico, llamadas por la expedición de Magallanes islas de los Ladrones; ahora han sido rebautizadas como Islas Marianas desde que una misión de los jesuitas dirigida por el sacerdote burgalés Luis Diego de Sanvitores, con cinco compañeros y un grupo de catequistas se asentó allí hace unos nueve años. Si bien la misión en principio fue aceptada, teniendo muchas conversiones, no pasaron dos años cuando algunos nativos empezaron a rebelarse, cometer asesinatos, y quemar las misiones impidiendo la evangelización, incluso mataron al propio Sanvitores. Se enviaron más

jesuitas y soldados que les dieran protección con sus capitanes al frente, pero la rebelión continua: los soldados indisciplinados son otra fuente de conflictos, porque ningún capitán quiere quedarse en sitio tan peligroso y de tan poco mérito. La misión está a punto de fracasar con el consiguiente abandono de tantas almas a su vida salvaje donde el demonio los tiene sometidos.

Suponemos que don Joseph asombrado le preguntó: Y bien ¿Qué desea su paternidad de mí?

Na miña adolescencia, un emigrante retornado de Suíza mercou o pazo, cumprindo, coma unha orde do inconsciente colectivo, o gran soño do neno pobre: facer fortuna, e con ela esfarelar o abismo de clase que o condenara a durmir nunha lareira, a escasos metros dos señores que durmían en cama de colcha bordada. Mais o pobre fillo do Tabelo morreu nun accidente sen poder gozar do seu éxito vital, e finalmente o seu pai, o Tabelo vello, e o seu irmán, acabaron por instalarse no pazo, toda vez que a súa casoupiña lles caía enriba.



Casa do Tabelo

Ao se instalar no Mesón, para mellorar as condicións de vida nas frías estancias daquela enorme vivenda, acometeron algunhas reformas, que deron ao pazo unha nova *facies*, produto do descoñecemento e da escaseza de recursos dos novos moradores: ventás de aluminio, paredes encaladas e tixolo tapiando a galería. Alí morreu o Tabelo vello, nunha cama do pazo pero baixo un monte de chaquetas roídas, a modo de mantas e de colchas bordadas. Acababa así a segunda vida do pazo.

Hai algúns anos apareceron polo día da festa dúas mozas madrileñas que viñan de mercar o Mesón: chegaban coa idea de transformalo nunha casa rural ou nun albergue para peregrinos. A terceira vida do pazo semellaba pronta para acoller os camiñantes ou os turistas, coma se o antigo Mesón procurase unha nova existencia convertido en mesón. Mais, coma se dun novo enigma se tratase, as dúas mozas madrileñas marcharon trala festa, e nunca máis se soubo delas. O Mesón, pechado de novo, esmorece, e non obstante o seu escudo permanece fortemente amarrado á parede frontal, con helmo altivo ollando á destra, porque ese helmo é o que fica e fala da primeira vida do pazo.

Sempre gostei da literatura paxega da Pardo Bazán, e debullei con verdadeira fruición a prosa barroca de Otero Pedrayo onde relata a decadencia da caste fidalga galega no tránsito do século XIX ao XX. Supoño que nesas lecturas de xuventude cintilaba inconscientemente aquel relampo do espello do armario do Mesón, dándome nos ollíños mentres detiña a bicicleta e os sentidos.

Non conseguín entrar naquel pazo ata os trinta anos. Mentres ía subindo por unha escaleira de madeira torneada, e atravesaba o largo corre-

dor e as estancias baleiras, ecoábanme na mente as notas do piano mesturadas coas envolventes historias do esplendor e a decadencia das xentes que habitaran aquel lugar. E ao mesmo tempo, o relato dos labregos, mesturado de ironía e de respecto reverencial por aquelas pantasma do pasado. Pero o único resto material que alí quedou foi un exemplar abandonado nun recuncho de *La Gaceta. Revista Biográfica Argentina*, correspondente aos números de marzo e abril de 1925. Rescateino da humidade e do esquezo, coma se atopara un fósil que fala.



Exemplar de *La Gaceta. Revista Biográfica Argentina*, 1925

O vello fidalgo e a primeira vida do Mesón

Na memoria popular ficou o señor Don Carlos, escribán, sentado ao pé da porta xa próximo aos cen anos. Vivía con dous dos seus fillos: Don Ramón, que era o médico, e Ricardo, ao que a xente chamaba “o médico dos nenos”. Outro fillo, Don José, dedicouse ao negocio farmacéutico en Santiago, e Don Francisco, avogado e logo xuíz, chegou a maxistrado do Tribunal Supremo en Madrid xa en tempos de Franco, e fixo casa no veciño lugar de Saa, onde pasaba tempadas estivais, e sorprendía á veciñanza polos seus hábitos hixienistas: bañábase espido, verán e inverno, nas frías augas do río.

Mulleres e homes de Castroncelos e outras aldeas de arredor gañaban a vida traballando no pazo: labrando as terras, atendendo o gando, cociñando, servindo. A xente lembra con fascinación os señores montados nas súas cabalarías, acompañados dun paxe. A última criada chamábase *Salamé* – di miña nai-, coa lembranza dos derradeiros estertores da vida do pazo, aló a mediados dos anos 60, cando Don Carlos, Don Ricardo e Don Ramón, sós, entre a gran casa e a cantina, eran o reflexo decadente do último hábito da fidalguía local.

Aínda que o certo é que o Catastro do Marqués da Ensenada (1752), non se refire aos señores do Mesón como fidalgos senón como escribáns, Joseph Antonio Balcarze e Francisco Manuel de Balcarze, que habitaran o pazo a mediados do XVIII, pertencían a unha das liñaxes máis importantes das terras de Lemos, os Valcarze, que entroncaron cos Somoza, Balboa ou Quiroga. Un Valcárcel y Quiroga, de nome Francisco An-

tonio, foi Corrixidor e alcalde maior da vila de Monforte, ao tempo que tiña en propiedade o Couto de Valdefariña, no Courel, e a ferraría de Loureiro, non lonxe de Castroncelos, onde se sitúa o noso Mesón. Os emblemas destas estirpes ficaron esmaltados para sempre no escudo de armas do Mesón, presidido, como xa dixen, por un helmo mirando á destra, en sinal de fidalguía.

O helmo viu pasar por diante os húsares napoleónicos que viñan de arrasar San Clodio, e sitían e atacan Monforte de Lemos en xaneiro, abril e xuño de 1809, provocando numerosas mortes entre a poboación civil, así como enormes danos no patrimonio da vila.

O helmo viu de novo o repregue das tropas francesas marchar polo Camiño Real, que fora reformado en tempos de Carlos III, e que pasa por Cereixa, Brollón e Castroncelos en dirección a Quiroga. E neste senso, a denominación de “Mesón” podería precisamente ter relación coa condición de lugar de parada e posta na rede viaria da época moderna.

Sen dúbida, o século XIX foi unha boa época para o esplendor da casa. Ás xa extensas propiedades da familia Valcarce habería que sumar aquelas outras recadadas na Desamortización de Mendizábal, mercando os bens expropiados á Igrexa. E é que entre 1836 e 1837, as reformas liberais eliminan os mosteiros e ordes militares e monacais, decretándose paralelamente a venda dos bens inmobles que lles pertencían: unha medida coa que o liberalismo pretendía modificar o réxime de propiedade da terra. Mais como os lotes de terras á venda foron elaborados por comisións municipais, o poder beneficiou ao poder, de xeito que a maioría dos lotes resultaban inase-

quibles aos pequenos propietarios. Os bens eclesiásticos pasaron así a engrosar as propiedades das oligarquías, aqueles que dispuñan de fondos para mercar as terras. Foi o caso dos fidalgos do Mesón, que acabaron mercando lotes de terras do Igrexario de Cereixa, nas terras de Brollón.

A liñaxe dos Valcarce está representada no século XIX pola señora do Mesón, Dña Ysolina Valcarce (n. 1859), que casaría co escribán monfortino, D. Carlos Rodríguez Barbeito, descendente de escribáns da vila lemava. Pois ben, Don Carlos participou activamente na política provincial da época e na súa arañeira caciquil. Foi primeiro concelleiro e logo alcalde da Pobra do Brollón a finais do século XIX, e Deputado provincial a comezos do XX, chegando a ser Presidente da Deputación de Lugo durante un breve lapso de tempo (xaneiro-abril de 1927). A prensa da época recolle as súas actuacións para a reconstrución da igrexa de Castroncelos, que fora arrasada por un incendio precisamente aquel ano de 1927, así como diversas actividades políticas en tanto xestor da Deputación lucense polos distritos de Monforte e Quiroga ata a Guerra Civil.



Nota de prensa sobre a actuación de Carlos Rguez Barbeito no incendio da igrexa parroquial, novembro de 1927

A figura do fidalgo e escribán que devén tamén político na época da Restauración, ilustra á perfección a continuidade das elites locais no poder, xa que, reformulando apenas súa fisionomía, perpetúan a orde secular asentada primeiro na propiedade da terra, logo no dominio oligarca da administración, e por último no estreito control político das vontades sometidas, case por herdanza xenética, ás clases dominantes. Don Carlos, coma tantos outros, foi todo iso a un tempo: foreiro, escribán e político. Así, a imaxe patriarcal do cacique – na que se concentra a inmemorial memoria dos poderes-, reproducése na prensa da época, que o sitúa dirixindo o pobo nas tarefas para sufocar o incendio da igrexa parroquial, ou citado como testemuña cualificada nalgún caso de conflito veciñal, como o intento de roubo do billete de lotaría á vella Maripepa.

Integrante do Partido Conservador, foi seguidor do Deputado polo distrito de Monforte, e logo senador vitalicio, Guillermo Joaquín de Osmá, e chegada a Ditadura de Primo de Rivera foi membro do partido primorriverista *Unión Patriótica*.

A chegada da Guerra Civil parece ter provocado, non obstante, a fin da carreira política do dereitista do Mesón, e mesmo se viu estrañamente afectado pola Lei de Responsabilidades Políticas, que o imposibilitaba para o exercicio da función pública, sen que saibamos polo momento a razón. E a razón quizais poida ter que ver, ben con loitas polo poder municipal con outra familia fidalga da parroquia – que se alzaría coa alcaldía durante longos anos-, ou ben cos lazos que unían o noso escribán a unha familia da burguesía ilustrada compostelá marcada pola represión: os Baltar.

Dos catro fillos de Carlos Rguez Barbeito, tres deles – Ramón, Ricardo e José – estudaron medicina na Universidade de Santiago. E mentres no máis absoluto anonimato as xentes de Castroncelos comezaban a sega da casa de Mesón, en xuño de 1916, os fillos de Don Carlos remataban o curso académico, e *El Eco de Galicia* felicitaba a Rodríguez Barbeito polas sobresaíntes cualificacións da súa prole.

As rúas de Santiago foron testemuñas do nacente amor entre un dos fillos de Don Carlos,

Lugo

QUIROGA *La Unión Patriótica*

La Unión Patriótica en el partido judicial de Quiroga, ha constituido un éxito grande, organizada bajo la presidencia de persona tan prestigiosa como don Carlos Rodríguez Barbeito, ex diputado provincial. Cuenta actualmente con más de tres mil adheridos, figurando entre ellos todas las personas de relieve y significación en la comarca quiroguesa, que desean ardientemente verse libres del odioso caciquismo que vino dominando hace muchos años.

—Han ingresado en la prisión de este partido un ex alcalde, dos ex depositarios y un ex secretario que durante más de treinta años vino desempeñando dicho cargo.

Pontevedra

Don Carlos Rguez Barbeito, integrante da Unión Patriótica, *El Ideal gallego*, 17-9-1924

Apuntes

Salió para as posicións de Villalba onde residirá durante la estación veraniega, nuestro muy querido amigo, el exdiputado provincial D. Antonio María Requero.

Con especial satisfacción enviamos la más cordial enhorabuena a nuestro querido amigo el diputado provincial de Monforte D. Carlos Rodríguez Barbeito, por el éxito que alcanzaron sus cuatro hijos en el año escolar que termina.

El mayor, D. Francisco, que ya obtuvo el grado de licenciado en Derecho a mérito; su graduó ahora de Doctor con la calificación de sobresaliente.

El hermano D. Ramón, acaba de licenciarse en Medicina con la calificación de sobresaliente, y sus otros hermanos don José y D. Ricardo, sobresalientes en las asignaturas de primer año de la misma facultad.

Don Carlos Rguez Barbeito, integrante da Unión Patriótica, *El Ideal gallego*, 17-9-1924

Ramón José Vicente Rguez Valcárcel, e a moza Isabel Baltar Domínguez, filla do eminente doutor Ángel Baltar Cortés (1868-1934), quen inaugurara o primeiro sanatorio cirúrxico de Galicia en 1908.

Ángel Baltar e Don Carlos de Mesón, que foron consogros ao casaren os seus fillos, viñeran ao mundo no mesmo ano de 1868, que vería nacer a Revolución *Setembrina* na procura dun réxime democrático, e que anticipaba a chegada da I República. Aínda que os destinos destes dous homes se cruzaron, e sempre mantiveron unha relación cordial dados os lazos familiares que os unían, o seu xeito de estar no mundo foi moi diferente.

Ángel Baltar Cortés procedía dunha acomodada familia ilustrada con raíces en Padrón, onde seu pai rexentara a farmacia familiar, a coñecida *Farmacia Baltar*, fundada en 1816 e que aínda existe na praza que leva o nome do noso cirurxián. O farmacéutico Baltar posuía unha importante biblioteca que foi a miúdo consultada por Manuel Murguía e Rosalía de Castro, pois a amizade que os unía era fonda, e de feito, os desvelos pola situación económica da parella de escritores foron constantes no seu benquerido amigo Baltar, que en máis dunha ocasión os socorreu discretamente. Medrou, xa que logo, Ángel Baltar Cortés, anainado pola poesía rosaliana, entre libros e música e remedios de botica.

Estas tres fascinacións infantís perdurarían para sempre na poliédrica personalidade de Ángel Baltar, que cultivou a poesía, tocaba dúas ou tres horas ao día o piano, e puxo en práctica no seu labor profesional o coñecemento médico e o auxilio ante o padecemento. Pensarían os pa-

cientes no privilexio de seren operados polos áxiles dedos dun pianista...? Cómpre dicir que a historia da medicina en Galicia ten no nome de Ángel Baltar Cortés unha das súas páxinas máis brillantes e tamén máis conmovedoras.



Casa do Tabelo.

Tras exercer de médico rural, pasa a traballar no Hospital Real de Santiago de Compostela, do que chegaría a ser director entre 1923 e 1926. No citado establecemento sanitario, Don Ángel practica con verdadeira vocación a cirurxía xeral. As súas publicacións en importantes revistas médicas da época, ou a súa estadía en Berlín no ano 1909 a carón do eminente doutor Bier, dan conta da categoría profesional de quen puxo a cirurxía galega ao máis alto nivel. Particularmente interesado pola cirurxía otorrinolaringolóxica, e especialmente dotado para a fabricación de aparellos diversos, Baltar foi tamén un enxeñeiro ao servizo da medicina: chegou a inventar, entre outras cousas, diferentes pinzas e ganchos para a extracción de obxectos atravesados na gorxa.

En 1908, como foi dito, inaugura, canda o seu amigo, o Dr Varela Radío, o primeiro sanatorio

cirúrxico de Galicia, onde foron operadas a prezos asequibles, centos e centos de persoas que lembraron sempre, con sentido agradecemento, as cualidades médicas e humanas do doutor.



Sanatorio Baltar anunciado en *Vida gallega* (1928).

Cando abre o sanatorio facíanse dez anos do seu casamento coa tamén padronesa Isabel Domínguez Orense (1873-1963). Con ela tivo cinco fillas e dous fillos, que herdaron a sensibilidade, o delicado gusto pola cultura, pola música, e algúns deles tamén pola medicina.

Os nenos e nenas da familia Baltar, criados en Santiago, gozaron longas tempadas estivais en Rianxo, no pazo que o seu pai construíra na praia de Tanxil. No xardín da gran casa celebrábanse concertos de piano, xuntanzas amigables



Familia Baltar, anos 20. Sentados, de esquerda a dereita, María, Don Ángel, Elisa, Isabel e Dña Isabel Domínguez Orense. De pé, Ángela, Antonio, Ramón e Carmiña.

cos Castelao e cos Dieste, preparaban a saída desde o embarcadoiro privado no iate de Baltar. E desde a ría podía albiscarse a Virxe de Guadalupe, esculpida por Asorey, que ollaba o mar desde o xardín pacego.




Pazo dos Baltar en Tanxil, Rianxo.

En 1918 a chamada “gripe española” dezmou a poboación. En Rianxo, Ángel Baltar, axudado por Castelao, atendeu a poboación afectada pola pandemia mortal. Recluíu a súa familia no pazo e non regresou á casa ata pasados vinte días, durante os

cales dedicou tódolos seus esforzos e o seu saber a salvar vidas, poñendo en risco a súa propia. O pobo de Rianxo en recoñecemento ao seu labor, dedicoulle unha gran homenaxe popular. Aínda hoxe se pode contemplar a placa conmemorativa na fachada do Concello. A luz eléctrica chegou a Rianxo da man de Baltar no ano 16, mentres en Castroncelos seguía reinando a noite pecha.

Tan só cinco anos despois, en 1921, a súa filla maior, Isabel, casada aos vinte e un anos con Ramón Rodríguez Valcárcel, transitaba cun candil as salas da casa do Mesón, coa ilusión da casadiña nova, pero tamén coa nostalxia do mar de Tanxil e o bulicio de Santiago. A propia Isabel deu conta, nun artigo escrito na súa vellez, da dor do seu pai ao ver marchar do seu lado a súa filla maior, e



Novas da petición de man e do casamento de Isabel Baltar Domínguez e Ramón Rodríguez Valcárcel (1921).

ela non quixo que se fixesen fotografías do enlace. Conservamos, iso si, as novas que a prensa da época publica con ocasión da petición de man e mailo casamento, no pazo rianxeiro.

O PIANO DE ISABEL BALTAR


Como ben informa *El compostelano*, o enlace tivo lugar no pazo que a familia Baltar posuía en Tanxil (Rianxo). Trala viaxe de noivos, Ramón e a súa muller instálanse no Mesón de Castroncelos, onde el se asenta como médico rural. Podo imaxinar o abraio das miñas xentiñas ao ver entrar no pazo o piano vertical que tocara Ángel Baltar e que lle regala á súa filla, a melómana, culta, sensible e intelixente Isabel Baltar, para que a música a acompañase ás terras do interior de Lugo. Con tímpanos atemporais, paréceme escoitar nota a nota, unha melodía nunha limpa mañá de maio, mentres as espigas do noso trigo recoñecen a Listz e a Schumann.

Cando paso por diante do Mesón preguntome, agora que coñezo a historia dos seus antigos moradores, se viría á festa do Santiago o eminente cirurxián, se quizais escoitou a gaita do Piquelo tocar sempre a mesma melodía – ”toca Piquelo, sempre na mesma”-; se viu o meu pai, de neno, sentar nunha pedriña a carón do pazo; ou se quizais lle extraeu unha faba que lle quedara atrancada na gorxa a un neno da casa do Xastre; se falou coa señora Aurora, se atendeu a miña avoa Benigna dun mal estraño que lle quedou dun parto, se...

As xentiñas de Castroncelos saúdan a Dna Isabel, que pasea polo carreiro de Su a Eirexa canda a súa querida curmá M^a Asunción Baltar Tojo,

que viña reporse ao puro ar da montaña, e gustaba de ir mollar os pés ao rego de Lamelas entre veas de seixo e morotes do paraíso.

Ao ano de casaren, Isabel e Ramón teñen un fillo, que levará o nome do seu avó: Carlos Rodríguez Baltar, o meniño no que se unen o sangue da vella



Nova do nacemento de Carlos Rodríguez Baltar en *El compostelano*, 22-4-1922

fidalgúa rural e o da burguesía ilustrada urbana.

Carlitos pasou os primeiros anos da súa nenez entre o mundo labrego de Castroncelos e o mariñeiro de Rianxo. En Castroncelos tivo como coïdadora a señora Manuela, alcumada a “Cerva”... Ter por aía unha cervia semella froito dun fondo realismo máxico. Da outra banda familiar, algunhas fotos familiares sitúano na colocación da estatua da Guadalupe de Asorey no pazo de Tanxil, ou nas reunións da súa familia coa intelectualidade galega. Carlitos pasou a “Calritos” entre as xentes de Rianxo, onde foi sempre moi aprezado.

Por volta de 1930, sendo aínda un neno de oito anos, os seus pais, Isabel e Ramón sepáranse, e a nai e o fillo regresan a Santiago á casa familiar. Foi, pois, o avó Ángel Baltar a gran figura pa-



Carlitos Rguez Baltar en primeiro termo, canda a familia Baltar, cca. 1930.

terna para Carlitos, e á morte do avó, o seu tío materno Ramón Baltar.

Carlos devén así o curmán maior dos nenos Baltar, querido e admirado pola súa personalidade xenerosa, excéntrica e xenial. Non obstante, Carlitos seguiu pasando tempadas coa familia paterna en Castroncelos, onde adquiriu unha profunda cultura labrega e o galego dialectal da área lucuauriense, que di “il” no canto de “el”, e “iste” no canto de “este”... Presumía, sendo xa adulto, do seu galego de Brollón, e de saber de memoria as partes do carro... Daquel, quizais, tirado polas vaquiñas da casa do Mesón nas estribacións do Val de Lemos, lindando coa premonaña courelá.

A separación do matrimonio do Mesón causou, como é lóxico, estupor nas xentes da aldea. E o símbolo daquela ruptura materializouse na saída do piano de Isabel Baltar pola porta da casa de Mesón, rumbo, de novo, a Compostela. E a música ficou aboiando polos carreiros da parroquia, sen saber onde ir, a que dedos delicados volver acubillarse.

Estamos en marzo de 1934. Carlitos correu ao colo do avó Ángel. Aquel día, pola mañá, o cirurxían recibira no sanatorio unha humilísima

muller de Rianxo. Chegado o momento de pagar a consulta, ela comezou a remexer nos petos e nada atopou naquel abismo baleiro para lle dar ao doutor. El, decatándose da situación, insistiu-lle á muller para que marchase axiña, non fose perder o autocar de regreso a Rianxo. Ela entón, coa ollada no chan, seguiu remexendo nos petos. Daquela o doutor, con inmensa tenrura, sacou da súa carteira o importe exacto da viaxe entre Compostela e Rianxo, e pousouno nas mans da paciente, que viñera sen cartiños para o médico, e sen un peso sequera pra se volver para a casa.

Carlitos correu ao colo do avó Ángel. Este amosoulle un bonequiño minúsculo que extraera da gorxa dunha nena había tres días. Non morrera por pouco... E tras gardar de novo o boneco na caixa de “obxectos extraños”, bicou na fronte ao seu netiño maior e marchou para a consulta.

A operación daquela tarde era complexa. De súpeto, sentiu que comezaba a ver con dificultade os tecidos da enferma e pousou inmediatamente o bisturí. Acenou con rapidez á enfermeira porque notou que se lle varría a vista. E xa non volveu en si. A hemorraxia cerebral silenciara para sempre a súa música absoluta, pero non a memoria do ben que fixo.

Tiña 66 anos. Ao seu enterro, no ecuador da II República, acudiron centos de persoas. Quizais a vida non quixo que vira o trágico momento histórico que se aveciñaba. Como os seus amigos de Rianxo eran perseguidos, axustizados ou tiñan que marchar ao exilio. O seu propio fillo, o brillante doutor e profesor da Facultade de Medicina, Antonio Baltar Domínguez (1906-1970), casado con Mireya Dieste, protagonizou unha



Boneco extraído por Ángel Baltar da gorxa dunha meniña.

espectacular fuxida en barco a Arxentina, polo perigo inminente que corría a súa vida, dado o seu inquebrantable apoio aos ideais republicanos. No exilio dedicou os seus esforzos de médico ao auxilio dos máis pobres. E no medio dos máis humildes mineiros da Patagonia, pensaría Antonio Baltar naquel vello piano e nos delicados dedos da súa irmá, que tocaron para min, máis aló do tempo, unha sinfonía barroca.

E mentres, en Tanxil, as forzas do fascismo requisaban o pazo dos Baltar para instalar os militares encargados do control do Campo de con-

centración de Rianxo. E en Santiago expulsaban do seu posto de profesor universitario a Ramón Baltar, irmán de Antonio e de Isabel, humanista e eminente cirurxián cuxa integridade e coherencia ideolóxica non deixou de traerlle problemas ao longo do franquismo, baixo diversas acusacións.

Ramón Baltar pasou a ser a verdadeira figura paterna de Carlos, toda vez que Castroncelos se ía desdebuxando no decorrer da súa xuventude, aínda que nunca se perdeu o contacto cordial coa familia do pai. E neste senso, aproveitando o tempo libre que lle deixaba a vida do campo nas tempadas que pasaba en Castroncelos, chegou a facerse maquinista de RENFE, levando trens de mercancías por toda España. Este aspecto revela unha das características máis importantes da especial personalidade de Carlos Baltar: a profunda querenza pola liberdade vital, certo espírito bohemio, e o non sometemento ás normas académicas ou sociais que coartaran o seu espírito libre, quizais forxado a imaxe do voo dos paxaros contemplados no campo de Castroncelos na súa primeira infancia. E tamén quizais por iso, e á marxe da aventura da viaxe, a verdadeira vocación de Carlos Rodríguez Baltar achegábase máis á aventura da mente: a maxia da alquimia, da química, do fulgor eléctrico e dos raios incógnitos. O poeta contempla os eléctrodos. E neste senso, foi el quen levou a luz ao Mesón de Castroncelos, instalando un xerador de electricidade con motor de gasolina e un muíño de vento. Imaxino o meu pai espalancando os seus ollos afeitos ao carburo ante a luminaria inaudita.

CARLITOS DE CASTRONCELOS: O XENIO INVENTOR QUE SEPARABA OS MINERAIS

En 1936 Carlitos ten catorce anos. No sanatorio Baltar, o seu avó e o Dr Radío Varela instalaran o primeiro laboratorio que realiza hemocultivos e conta ademais con modernos aparellos de Raios X, a través dos cales ve Baltar a endémica artrose da poboación galega. Coa chegada da guerra, escasean os repostos, así que as avarías dos aparellos de Raios cómpre solucionarlas con enxeño. Así é como Carlitos comeza a demostrar unha habilidade especial para a mecánica e a electrónica, desmontando e arranxando con intelixencia de pequeno enxeñeiro a maquinaria necesaria.

Estuda o Bacharelato en Santiago, pero no canto de marchar a Madrid para estudar Enxeñería, decide facer o servizo militar e adiantar así a inevitable obriga. Mais por aqueles mesmos anos de xuventude, á idade de dezaioito, en 1940, preséntase a un concurso internacional para a fabricación de aparellos de Raios X. E é que, malia a súa xuventude, Carlos tiña xa unha gran experiencia cos “raios incógnita”, como os denominara Röntgen en 1895.

Desde Alemaña, Siemens enviaría unicamente as lámpadas e cumpriría fabricar e montar o resto dos compoñentes, así como facer a instalación nos hospitais ou nas consultas. Carlos gaña o concurso, para gran sorpresa dos concorrentes dada a idade do gañador, e pasaría entón a ser representante fa factoría alemá durante anos. Abre por entón un pequeno obradoiro en Santiago, no extremo do Pombal, ollando a Alameda e o Instituto que leva o nome de Rosalía de Castro, amiga do seu bisavó Baltar.

O contrato con Siemens mantívose en vigor ata ben entrados os anos 70, cando xa se podían mercar os equipos de Raios X completos. Neste

labor, chegou a instalar aparellos de Raios en multitude de hospitais e clínicas de toda España, mais entremetres, na súa vida e no seu obradoiro de alquimista acontecían tamén outras cousas...

Acabou os estudos de Química, traballou nas instalacións industriais de Jesús Lago y Lago na Coruña, a onde se trasladou tralo seu casamento en 1950 con Carmen Barrena, con quen tivo tres fillos. E paralelamente, tanto na Coruña como en Santiago, mantivo toda a súa vida unha importante rede de amizades entre a intelectualidade galega: Isidro Parga Pondal, Francisco Dostras, Francisco Guitián, José Ramón Massaguer, Carlos Alonso del Real, Isaac Díaz Pardo, Francisco Bermejo, etc, etc.

Dotado dunha gran cultura literaria, científica e humanística en xeral, dominaba as linguas alemá, inglesa e francesa, pero foi nos seus infindos proxectos de xenio inventor onde brillou con maior fulgor a súa intelixencia de alquimista contemporáneo. Así, nos anos 60, foi convidado a dar unha conferencia na Universidade de Atlanta (EEUU), onde chegou a ter unha sala co seu nome destinada á investigación a partir de ideas súas: a sala “Baltar Project”, e colaborou así mesmo coa Cátedra de Química-Física da Universidade de Oviedo.

E é que, cando xa non foi rendible o traballo de instalación dos aparellos de Raios X, Carlos Baltar aplicou os seus coñecementos á minería metálica: a utilización de altas intensidades eléctricas permitíalle concentrar e separar os minerais, así como no seu ADN se concentraban e opoñían a cultura mariñeira de Rianxo e a labrega de Brollón, a vella fidalguía rural de Castroncelos e a ilustrada burguesía urbana de Com-

postela, o saber popular que canta canda o eixe dun carro, e a alta cultura dos saberes librescos, a intuición xenial do creador e a cultura académica. Todos estes contrastes estaban presentes en Carlos Baltar. A concentración dos xenes e a separación dos pais. O seu avó materno tiña un Sanatorio cirúrxico en Santiago, mentres o seu pai receitaba “auga de vexeto” ás humildísimas xentes de aldea que descoñecían a existencia do hemocultivo, e para quen os raios X eran verdadeiramente unha incógnita.

As súas patentes deron lugar a aplicacións en España, EEUU e América do Sur, de xeito que incluso unha das empresas máis importantes do mundo, W.R. Grace and Co. de Nova York,



Carlos R. Baltar na madurez.

ofreceulle un contrato como técnico, posto que rexeitou, pois para el a vida entre Santiago e A Coruña, as súas investigacións no obradoiro alquímico e a súa liberdade creadora eran prioridades ás que nunca quixo renunciar. Os seus equipos e técnicas de separación de minerais, con tecnoloxía propia, electrostática, magnética, hidráulica, etc, seguen a funcionar hoxe en día aplicadas a distintos campos.

Desde Galicia asesorou a universidades e institutos de diversos puntos do planeta, e en Galicia traballou polo mellor aproveitamento dos minerais na súa aplicación cerámica, por exemplo. Así, no ano 1974 comeza a colaborar co Seminario de Estudos Cerámicos de Sargadelos – lembremos a gran amizade que o unía a Isaac Díaz Pardo-, no seo do cal se fabrican sistemas pulsantes de separación de minerais e hidrociclóns de porcelana. En 1979, Carlos R. Baltar foi un dos membros fundadores da Área de Xeoloxía e Minería do novo Seminario de Estudos Galegos, e Sargadelos deixou para a memoria colectiva a imaxe de Carlos Rodríguez Baltar no azul cobalto característico da súa cerámica, inventando a alta poesía hidrociclónica.

Unha tarde de 1988 soa o teléfono. Carlos ten nesa altura 66 anos, exactamente a mesma idade do avó Ángel Baltar cando finou. Carlos levanta o aparello e escoita a voz do seu querido curmán Juan Ramón Baltar Tojo, Juancho. Falan de química – Juancho é químico, en certo modo pola admiración que sentía desde a infancia polo seu primo-; falan de minerais, da oferta dunha empresa alemá a Carlos. Falan da familia, da curmá maior, M^a Asunción: ela vén de restaurar o piano de Isabel Baltar, e de súpeto unha nota entre grilos e trigo xorde nun estrato da memoria de Carlos.

Cando colga o teléfono unha doce presión pousase sobre o seu peito e pecha os ollos, e xusto nese intre pasa meu pai pola súa mente, meniño, cun rabaño de ovellas por diante do Mesón, en Castroncelos, e quitando a pucha, diríxese ao neno elegante que xoga na aira do pazo: *Que usted lo pase bien, señorito Carlos*. E bota a correr tras das ovellas namentres as primeiras notas do piano se espallan pola aira, polas leiras, polas devesas, pola carballeira, polo castro e pola chá da pequena mente de Carlos Rodríguez Baltar, Carlitos de Castroncelos, que separaba os minerais coma un hidrociclón nas paredes do útero da señora Isabel Baltar, a onde regresa, aquela tarde, para sempre.



Medalla Carlos Rodríguez Baltar.

12. Conferencias de Aida Menéndez

Feira do Libro de Galicia- Monforte



Artigo en La Voz de Galicia



En Chantada



Na Facultade de Periodismo da USC

En Asoc. empresarios de Lalín- Deza



Cartaz conferencia Lalín



En AFA- Chantada polo día do Alzheimer



En Pazo Mariñán-A Coruña



Nas XXXII Xornadas do Románico en Pantón.

O Camiño de Inverno nos medios de comunicación

Manuela Porto

Xornalista de Onda Cero Monforte

Se non estas nos medios, non existes! É unha expresión utilizada infinidade de veces. Non é que sexa realidade ao cen por cento, pero non vai descamiñada.

Para ben ou para mal, os medios de comunicación dan unha visibilidade e unha proxección difícil de conseguir doutro xeito.

Non sei que porcentaxe do éxito que ten na actualidade o Camiño de Inverno lle pode corresponder aos medios, pero mesmo antes de que esta ruta acadara o recoñecemento oficial, esta vía e as actividades realizadas entorno á mesma, non pasaban nin moito menos desapercibidas o que sen dúbida contribuíu a que a poboación se fora familiarizando coa mesma.

Os medios de comunicación foron testemuña directa de todos os pasos que se foron dando desde que, nos últimos anos da década dos noventa do século pasado, se empezou a traballar na posibilidade de recuperar esta vía.

Numerosos artigos nos xornais e noticias de radio e televisión, foron dando conta das primeiras investigación, promovidas polo Concello

El viernes se abrirá en Monforte de Lemos un congreso dedicado a estas rutas

Creada una asociación de amigos para divulgar los caminos del sur

Alumnos e investigadores do curso de Historia do século XIX, XX e XXI, do Iago de Galicia, crearon a asociación de amigos para divulgar os camiños do sur da provincia de Lemos. O obxectivo principal do grupo, segundo explican os seus membros, é promover a recuperación e a difusión dos camiños do sur da provincia de Lemos. A asociación, que se creou o pasado sábado, ten como obxectivo principal divulgar os camiños do sur da provincia de Lemos. O grupo, que se creou o pasado sábado, ten como obxectivo principal divulgar os camiños do sur da provincia de Lemos.



El viernes se abrirá en Monforte de Lemos un congreso dedicado a estas rutas

El congreso se celebrará en Monforte de Lemos el viernes 15 de mayo. El congreso se celebrará en Monforte de Lemos el viernes 15 de mayo. El congreso se celebrará en Monforte de Lemos el viernes 15 de mayo.

Cinco municipios se unen para fomentar la ruta jacobea del sur

Los municipios de Lemos, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo uníronse para fomentar a ruta jacobea do sur. O obxectivo principal do grupo, segundo explican os seus membros, é promover a recuperación e a difusión dos camiños do sur da provincia de Lemos. A asociación, que se creou o pasado sábado, ten como obxectivo principal divulgar os camiños do sur da provincia de Lemos.



Los municipios de Lemos, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo uníronse para fomentar a ruta jacobea do sur. O obxectivo principal do grupo, segundo explican os seus membros, é promover a recuperación e a difusión dos camiños do sur da provincia de Lemos. A asociación, que se creou o pasado sábado, ten como obxectivo principal divulgar os camiños do sur da provincia de Lemos.

de Monforte, gobernado daquela polo popular Nazario Pin, e a Deputación Provincial de Lugo, con Francisco Cacharro Pardo á cabeza, a través de Seminarios de Estudos Históricos ou organizando, entre outras actividades, Cursos de Verán.



La ciudad de Lugo, con el apoyo de la Diputación Provincial de Lugo, organizó el primer curso de verano sobre la Ruta del Sur de Lugo. Este curso, que se celebró en la ciudad de Lugo, contó con la participación de expertos en historia y arqueología. El curso estuvo dirigido por el profesor de Historia de la Universidad de Lugo, Francisco Cacharro Pardo, y contó con la participación de expertos en historia y arqueología. El curso estuvo dirigido por el profesor de Historia de la Universidad de Lugo, Francisco Cacharro Pardo, y contó con la participación de expertos en historia y arqueología.

EL 'I CONGRESO DE HISTORIA' PROMOCIONARÁ EL CAMBIO

Catedráticos y expertos estudiarán en Monforte la Ruta del sur de Lugo

La ciudad de Lugo acogió los días 16 y 17 de abril el I Congreso de Historia de la Ruta del Sur de Lugo, que estuvo dirigido por el profesor de Historia de la Universidad de Lugo, Francisco Cacharro Pardo, y contó con la participación de expertos en historia y arqueología.

MONFORTE. Debuta este año el curso de verano sobre la Ruta del Sur de Lugo, que se celebró en la ciudad de Lugo, con el apoyo de la Diputación Provincial de Lugo. Este curso, que se celebró en la ciudad de Lugo, contó con la participación de expertos en historia y arqueología. El curso estuvo dirigido por el profesor de Historia de la Universidad de Lugo, Francisco Cacharro Pardo, y contó con la participación de expertos en historia y arqueología.

A actual presidenta da Asociación Camiños a Santiago pola Ribeira Sacra, xa daquela detrás destes movementos na súa condición de concelleira de cultura e educación no Concello de Monforte, tocoulle liderar e emprender un proxecto que trascendía o ámbito municipal, para involucrar ós demais concello da zona.

Os medios fixéronse eco do nacemento da primeira Asociación que daquela xurdía para promover a que entón se denominaba Ruta Sur a Santiago. Tempo despois, de como se rebautizaba e pasaba a chamarse Camiño de Inverno ao sumar concellos de outras comarcas. Concellos que aportaron a esta ruta Xacobeá inicio e fin de traxecto. Sumando investigacións, que se foron sucedendo nas distintas comarcas polas que atravesaba, que serviron para ir reconfirmando a veracidade desta vía referenciada en documentos varios ao longo da historia.

La gran vía de Santiago se iniciará en la ciudad de Lugo, con el apoyo de la Diputación Provincial de Lugo, organizó el primer curso de verano sobre la Ruta del Sur de Lugo. Este curso, que se celebró en la ciudad de Lugo, contó con la participación de expertos en historia y arqueología. El curso estuvo dirigido por el profesor de Historia de la Universidad de Lugo, Francisco Cacharro Pardo, y contó con la participación de expertos en historia y arqueología.

Trasladarán a Cultura la petición de reconocimiento de la ruta sur

La petición de reconocimiento de la ruta sur de Lugo, que se celebró en la ciudad de Lugo, contó con la participación de expertos en historia y arqueología. El curso estuvo dirigido por el profesor de Historia de la Universidad de Lugo, Francisco Cacharro Pardo, y contó con la participación de expertos en historia y arqueología.

MONFORTE. Debuta este año el curso de verano sobre la Ruta del Sur de Lugo, que se celebró en la ciudad de Lugo, con el apoyo de la Diputación Provincial de Lugo. Este curso, que se celebró en la ciudad de Lugo, contó con la participación de expertos en historia y arqueología. El curso estuvo dirigido por el profesor de Historia de la Universidad de Lugo, Francisco Cacharro Pardo, y contó con la participación de expertos en historia y arqueología.

La gran vía de Santiago se iniciará en la ciudad de Lugo, con el apoyo de la Diputación Provincial de Lugo, organizó el primer curso de verano sobre la Ruta del Sur de Lugo. Este curso, que se celebró en la ciudad de Lugo, contó con la participación de expertos en historia y arqueología. El curso estuvo dirigido por el profesor de Historia de la Universidad de Lugo, Francisco Cacharro Pardo, y contó con la participación de expertos en historia y arqueología.

A inicial Asociación de concellos promotores desta ruta reconverteuse e abriuse á sociedade civil. A persoas anónimas desexosas de aportar o seu grao de area na loita emprendida cara a oficialidade.



De cada cambio e transformación feito nesta Asociación, de cada novo proxecto e iniciativa que foi xurdindo na mesma nos 20 anos que levan funcionando, e que dito sexa de paso celebraron o pasado mes de abril deste mesmo ano 2019, foron os medios de comunicación testemuña directa, divulgando e informando de cada unhas das actividades promovidas ao longo destes anos.

Os primeiros percorridos, a colocación das primeiras sinais, a publicación dos primeiros mapas e folletos sobre a ruta, as xornadas promocionais que ano tras ano van xurdindo sobre diversos aspectos relacionados coa mesma, exposicións, conferencias, presentacións de variado material postal, o salto ás redes sociais ao mundo web, os desafíos para darlle máis visibilidade, como o





sentadas en concellos, deputacións e gobernos autónomos (Galicia e León) na procura dunha oficialidade que se foi resistindo no tempo ata finalmente acadada en 2016.

Informaron os medios de comunicación do histórico feito como informaron e seguen informando do paso de peregrinos por estas terras. Xente de distinta condición e da máis variada idade e procedencia que se decanta por este Camiño á procura do auténtico e singular e dunha tranquilidade que non atopan noutras rutas máis masificadas. Nos mesmos medios atopamos testemuñas dos primeiros selados de credenciais, que a propia presidenta ou membros da Asociación, se encar-

protagonizado polo ultrafondista chantadés Fernando Ibarra, ou as exitosas andainas escolares que superan xa o millar de participantes, son noticias que van engordando a hemeroteca.

Portadas acaprou tamén a aparición do manto de peregrina que noutros tempos luciu a patrona de Monforte, a Virxe de Monserrat e informacións que se foron sucedendo ao longo dos anos dando conta das iniciativas políticas pre-



Selando credenciais no Hotel.



Selando credenciais no Parador de Monforte



gaban e siguen encargando de facer en moitas ocasións. A loita por conseguir local propio para facer isto en mellores condicións e non no bar ou restaurante de turno, trascendeu tamén ao ámbito público através dos medios de comunicación.

Son tamén os medios testemuñas directas da aparición desta publicación “Vía Jacobitana”. Desta revista científica á que me asomo encantada, convidada pola promotora, por Aida Menéndez. Escribo este artigo esperando que sirva para poñer en valor a aportación que tamén os me-



III Andaina Escolar polo camiño de Inverno.

dios, ao longo destes máis de vinte anos, fixeron e seguimos facendo na promoción e difusión desta Ruta, dando conta de todos os movementos que se realizan entorno á mesma.

O Camiño de Inverno é unha fonte inagotable de noticias o mesmo que a Asociación que

o promove. Sen a súa loita seguro que hoxe as cousas serían ben diferentes.

Os medios visibilizan con artigos, entrevistas e reportaxes, toda esta actividade que xenera facilitando unha actualidade permanente e polo tanto un maior coñecemento do mesmo.



Aida Menéndez con “Julia en la Onda”, en Monforte (31-05-2017)



13. II Anuario Vía Jacobitana Camino de Invierno



Presentación en Monforte



Presentación en Valdeorras



Presentación en Chantada

14. Ibarra corre polo Camiño de Inverno



Camiño

Paco Ledo
Poeta

Bou ensimesmado,
outeando polas veigas. Sigo o valado.
Os paxaros do contorno, cantan
a súa sinfonía, e cada sinal que atopo
fai de abrigo e guía.
Cada regato co seu destino
deixa o canto que del esvara.
Nas congostras os amigos
danme agarimo coa fala.
Galiza ca súa grandeza
garda os camiños de terra
o mesmo polo que veo Santiago.
A Compostela.
Bou ensimesmado
outeando polas veigas, Sigo o balado.
Os paxaros do contorno, cantan

a súa sinfonia, e cada sinal que atopo
fai de abrigo e guía.
Cada regato co seu destino
deixa o canto que del esvara.
Nas congostras os amigos
danme agarimo coa fala.
Galiza ca súa grandeza
garda os camiños de terra
o mesmo polo que veo Santiago
A Compostela.
Polo camiño de inverno
fuxindo as neves do cebreiro
entre seves e camiños fondos
...peregrinos e arrieiros.
De albergue en albergue
naide sabe de onde son.

So que pasaron sempre.
Pola estivada do Faro
van subindo amodiño
os enfermos e os mancados
para a fonte dos meniños,
paso dos cabalos cansos.
Atras quedan os mortos
no Hospital de Gordón.
Agardando rezos novos.



Ermita de O Faro

